

REGULAMENTO ORGÁNICO MUNICIPAL

TÍTULO PRELIMINAR

Disposicións Xerais

Artigo 1.

O Goberno e Administración Municipal de Culleredo corresponde ao seu Concello, integrado polo alcalde ou alcaldesa e o número de concelleiros/as que, en cada momento, sinala a Lei.

Artigo 2.

O Concello de Culleredo, para o cumprimento dos seus fins, e en representación do seu municipio, ten plena capacidade xurídica para adquirir, posuír, reivindicar, permutar, gravar ou allear toda clase de bens e dereitos, celebrar contratos, establecer e explotar obras e servizos públicos, obrigarse, inducir os recursos legalmente establecidos e exercitar as accións previstas nas leis.

O Concello de Culleredo estará exento de tributos do Estado e das Comunidades Autónomas nos termos establecidos polas leis.

Artigo 3.

O Concello de Culleredo, na representación do municipio, goza de autonomía para a xestión dos seus respectivos intereses nos termos sinalados pola Lei e na súa calidade de Administración Pública de carácter territorial e, dentro da esfera da súa competencia, lle corresponde en todo caso:

- a) As potestades regulamentarias e de auto-organización.
- b) As potestades tributaria e financeira.
- c) A potestade de programación e planificación.
- d) As potestades expropiatorias, de investigación, de deslinde e recuperación de oficio dos seus bens.
- e) A presunción de lexitimidade e a executividade dos seus actos.
- f) As potestades de execución forzosa e sancionadora.
- g) A potestade de revisión de oficio dos seus actos e acordos.
- h) As prelacións e preferencias e demais prerrogativas recoñecidas á Facenda Pública para os créditos da mesma, sen prexuízo dos que correspondan á Facenda do Estado e das Comunidades Autónomas; así como a inembargabilidade dos seus bens e dereitos nos termos previstos nas leis.

Artigo 4.

O Concello de Culleredo servirá aos intereses públicos que lle estean encomendados e actuará de acordo cos principios de eficacia, descentralización, desconcentración e coordinación con sometemento pleno á Lei e ao Dereito.

A legalidade das súas disposicións e actos serán controlados polos Tribunais.

Artigo 5.

O réxime organizativo e de funcionamento interno do Concello de Culleredo axustarase á seguinte xerarquía normativa:

- 1) En primeiro lugar, a Lei de bases do réxime local (7/85, de 2 de abril) e as da Comunidade Autónoma que desenvolvan esta Lei de bases e sexan aplicables na materia, a Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, así como o Texto refundido de réxime local (Real decreto lexislativo 781/86, de 18 de abril).
- 2) O Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Culleredo, en todo o que non contradiga á lexislación xeral, e coa xerarquía, segundo materias, que respecto ao Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais aprobado polo Real decreto 2.568/86 sinala a Resolución de 27 de xaneiro de 1987 da Dirección Xeral de Administración Local do Estado, sendo aplicable este Real decreto 2.568 nos casos que se sinalan nesta Resolución.

TÍTULO PRIMEIRO

Estatuto dos membros do Concello de Culleredo

CAPÍTULO I

Adquisición, suspensión e perda da condición de membro do Concello de Culleredo

Artigo 6.

O alcalde ou alcaldesa e os/as concelleiros/as do Concello de Culleredo, gozan, unha vez que tomen posesión do seu cargo, das honras, prerrogativas e distincións propias do mesmo, que se atopen establecidos na Lei do Estado ou da Comunidade Autónoma de Galicia, e están obrigados ao cumprimento estrito dos deberes e obrigas inherentes ao cargo.

Artigo 7.

Quen resulte proclamado electo como membro do Concello de Culleredo, deberá presentar a correspondente credencial que o acredite ante a Secretaría Xeral deste Concello.

Artigo 8.

Tanto o alcalde ou alcaldesa como os/as concelleiros/as do Concello de Culleredo, ficarán suspendidos nos seus dereitos, prerrogativas e deberes, cando tal suspensión veña expresada nunha resolución xudicial condenatoria firme.

Artigo 9.

O alcalde ou alcaldesa e os/as concelleiros/as de Culleredo, perderán a súa condición como tales, nos seguintes casos:

- 1) Por decisión xudicial firme que anule a elección ou proclamación.
- 2) Por falecemento ou incapacitación declarada, esta por decisión xudicial firme.
- 3) Por extinción do mandato ao expirar o seu prazo, sen prexuízo de que continúen nas súas funcións soamente para a administración ordinaria, ata a toma de posesión dos seus sucesores.
- 4) Por renuncia, que deberá facerse efectiva por escrito, ante o Pleno da Corporación.
- 5) Por incompatibilidade, nos supostos e condicións establecidas na lexislación electoral.
- 6) Por perda da nacionalidade española.
- 7) O alcalde ou alcaldesa será destituído do cargo, cando o Pleno aprobe o voto de censura.

Artigo 10.

1. O alcalde ou alcaldesa e os/as concelleiros/as deste Concello deberán observar, en todo momento, as normas sobre incompatibilidade e deberán poñer en coñecemento da Corporación calquera feito que puidese constituír causa de incompatibilidade.

2. De producirse unha causa de incompatibilidade e declararse esta polo Pleno corporativo, o/a afectado/a por tal declaración deberá optar, no prazo dos 10 días seguintes a aquel en que se reciba a notificación da súa incompatibilidade, entre a renuncia ao cargo neste Concello ou o abandono da situación que dea orixe á referida incompatibilidade, debendo reintegrar ao Concello todas as retribucións percibidas durante o tempo que se producira tal situación.

3. Transcorrido o prazo sinalado no número anterior, sen se ter exercitado a opción, entenderase que o afectado renunciou ao seu posto no Concello de Culleredo, debendo declararse polo Pleno a vacante correspondente e poñer o feito en coñecemento da Administración Electoral, para os efectos previstos nos artigos 182 e 208 da Lei orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do réxime electoral xeral, ou das disposicións que en cada momento rexan esta materia.

Artigo 11.

Os dereitos e deberes dos compoñentes do Concello de Culleredo, son os recoñecidos nas disposicións vixentes en cada momento, tanto do Estado como da Comunidade Autónoma de Galicia. No seu defecto, aplicaranse as normas deste Regulamento.

Artigo 12.

Os compoñentes do Concello de Culleredo teñen o dereito e o deber de asistir con voz e voto ás sesións do Pleno e ás daqueles outros órganos colexiados de que formen parte, salvo causa que llo impida, que deberá ser comunicada, coa debida antelación, ao alcalde ou alcaldesa. Nos casos en que o permita a Lei, cando non poidan asistir á xuntanza, poderán designar substituto.

As ausencias dos membros deste Concello que excedan de oito días, deberán ser postas en coñecemento do alcalde ou alcaldesa por escrito concretándose a duración previsible da ausencia.

Artigo 13.

Os membros da Corporación percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos cando os desempeñen con dedicación exclusiva, e neste caso serán dados de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social, asumindo a Corporación o pagamento das cotas empresariais que corresponda, salvo o disposto no artigo 74 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

No suposto destas retribucións, a súa percepción será incompatible con outras retribucións con cargo aos orzamentos das Administracións Públicas e dos entes, organismos ou empresas delas dependentes así como para o desenvolvemento doutras actividades, todo iso nos termos da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

Artigo 14.

Os membros da Corporación que desempeñen os seus cargos con dedicación parcial por realizar funcións de presidencia, vicepresidencia ou ostentar delegacións, ou desenvolver responsabilidades que así o requiran, percibirán retribucións polo tempo de dedicación efectiva ás mesmas, e nestes casos serán igualmente dados de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social en tal concepto, asumindo a Corporación as cotas empresariais que corresponda, salvo o disposto no artigo 74 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. Estas retribucións non poderán superar en ningún caso os límites que se fixen, no seu caso, nas Leis de orzamentos xerais do Estado. Nos acordos plenarios de determinación dos cargos que leven parella esta dedicación parcial e das retribucións dos mesmos, deberase conter o réxime da dedicación mínima necesaria para a percepción destas retribucións.

Para os efectos dispostos no artigo 37.3.d) do Estatuto dos Traballadores e no artigo 30.2 da Lei 30/1984, enténdese por tempo indispensable para o desempeño do cargo electivo dunha Corporación Local, o necesario para a asistencia ás sesións do Pleno da Corporación ou das Comisions e atención ás Delegacións de que forme parte ou que desempeñe o/a interesado/a.

Os membros da Corporación que sexan persoal das Administracións Públicas e dos entes, organismos e empresas delas dependentes soamente poderán percibir retribucións pola súa dedicación parcial ás súas funcións fóra da súa xornada nos seus respectivos centros de traballo, nos termos sinalados no artigo 5 da Lei 53/1984, de 26 de decembro, sen prexuízo disposto no parágrafo anterior do presente artigo.

Nos casos de dedicación parcial, para poder desenvolver algún traballo remunerado será precisa a declaración formal de compatibilidade adoptada polo Concello Pleno.

Artigo 15.

Só os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva nin dedicación parcial percibirán asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da Corporación de que formen parte, na contía sinalada polo pleno da mesma.

Igualmente, só estes membros da Corporación poderán percibir esta clase de indemnizacións cando se trate de órganos rectores de organismos dependentes da Corporación Local que teñan personalidade xurídica independente, de Consellos de Administración de empresas con capital ou control municipal, ou de Tribunais de probas para selección de persoal.

En todo caso a percepción será pola asistencia efectiva polo que, será percibida polo titular ou suplente que asistan.

Artigo 16.

Os membros da Corporación percibirán indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio do seu cargo, segundo as normas de aplicación xeral nas Administracións Públicas e as que en desenvolvemento das mesmas aprobe o pleno corporativo. Para estes efectos adoptaranse os correspondentes acordos plenarios, detallando as contías.

Artigo 17.

1. No acordo de aprobación do orzamento municipal se consignarán as retribucións, indemnizacións e asistencias a percibir, dentro dos límites que con carácter xeral se establezan no seu caso. Por acordo plenario determinaranse os casos de dedicación exclusiva e parcial, todo iso conforme ao artigo 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril.

2. Deberán publicarse no Boletín Oficial da Provincia e fixarse no taboleiro de anuncios da Corporación os acordos plenarios referentes a retribucións dos cargos con dedicación exclusiva e parcial e réxime de dedicación destes últimos, indemnizacións e asistencias, así como os acordos da Alcaldía determinando os membros da Corporación que realizarán as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva ou parcial.

Artigo 18.

A Alcaldía resolverá por iniciativa propia, a petición dos servizos interesados ou da Xunta de voceiros, a asistencia de representantes, membros da Corporación, aos distintos cursos, xornadas, seminarios, congresos, etc., que se celebren e que teñan interese para a vida e organización municipal.

Artigo 19.

1.Os membros da Corporación teñen dereito a obter do alcalde ou alcaldesa ou Xunta de Goberno Local cantos antecedentes, datos ou informacións obren en poder dos servizos municipais e resulten precisos para o desenvolvemento da súa función.

2.A petición de acceso ás informacións entenderase concedida por silencio administrativo en caso de que o alcalde ou alcaldesa ou Xunta de Goberno Local non adopte resolución ou acordo denegatorio no período de cinco días a contar desde a data de solicitude.

3.En todo caso a denegación do acceso á documentación informativa deberá facerse a través de resolución ou acordo motivado.

Artigo 20.

Os servizos administrativos locais estarán obrigados a facilitar a información sen necesidade de autorización da Alcaldía nos seguintes casos:

- a) Cando se trate do acceso, dos membros da Corporación que ostenten delegacións ou responsabilidades de xestión, á información propia dos seus cometidos.
- b) Cando se trate do acceso de calquera membro da Corporación á información e documentación correspondente aos asuntos que deban ser tratados polos órganos colexiados dos que formen parte, así como as resolucións ou acordos adoptados por calquera órgano municipal
- c) Cando se trate do acceso dos membros da Corporación á información ou documentación da entidade local que sexan de libre acceso para a cidadanía.

Artigo 21.

1. A consulta e exame concreto dos expedientes, libros e documentación en xeral do Concello, polos/as concelleiros/as, rexeráse polas seguintes normas:

- a) A consulta xeral de calquera expediente ou antecedentes documentais poderá realizarse, ben no arquivo xeral ou nas dependencias onde se atope, ben mediante a entrega dos mesmos ou de copia ó membro da Corporación interesado para que poda examinalos no despacho ou salas reservadas ós membros da Corporación. O libramento de copias limitárase ós casos citados de acceso libre dos concelleiros á información e ós casos en que isto sexa expresamente autorizado polo Presidente da Xunta de Goberno Local.
- b) En nengun caso os expedientes, libros ou documentación poderán saír das correspondentes dependencias ou oficinas deste Concello.
- c) A consulta dos libros de actas e de resolucións da Alcaldía e en xeral de tanta documentación estea sometida á fe pública, deberá efectuarse na Secretaría Xeral ou dependencia que o/a secretario/a xeral sinale, coa presenza do mesmo secretario/a xeral ou funcionario/a en quen delegue.
- d) O exame dos expedientes incluídos na orde do día dunha sesión poderá facerse no lugar en que se poña de manifesto a partir da convocatoria.

2. No suposto de entrega previsto no apartado a) do número anterior, e a efectos do oportuno control administrativo, o interesado deberá firmar un acuse de recibo e terá a obrigaón de devolver o expediente ou documentación nun termo máximo de carenta e oito horas, ou antes, en función das necesidades do trámite do expediente en cuestión.

3. Os/as concelleiros/as do Concello de Culleredo teñen o deber de gardar reserva, en relación coas informacións que se lles facilite para facer posible o desenvolvemento da súa función e singularmente as que deben servir de antecedente para decisións que aínda se atopen pendentes de adopción, baixo a súa responsabilidade, evitando a reprodución da documentación que poida serlle facilitada, en orixinal ou copia, para o seu estudo.

Artigo 22.

O alcalde ou alcaldesa poderá sancionar aos/as concelleiros/as por falta non xustificada de asistencia ás sesións ou incumprimento reiterado das súas obrigas, nos termos que se establezan polas Leis do Estado ou da Comunidade Autónoma de Galicia.

Se a sanción fose imposta por outra causa e esta puidese ser, a xuízo do alcalde ou alcaldesa, constitutiva de ilícito penal, o mesmo alcalde ou alcaldesa pasará o tanto de culpa ao órgano xudicial competente, absténdose de continuar o procedemento sancionador ata o pronunciamento do órgano xudicial.

Artigo 23.

Nin o alcalde ou alcaldesa, nin os/as concelleiros/as, poderán invocar ou facer uso da súa condición, para o exercicio de calquera actividade mercantil, industrial, profesional ou actuación privada.

Artigo 24.

1. Sen prexuízo das causas de incompatibilidade establecidas polo lei, os membros das Corporacións Locais deberá absterse de participar na deliberación, votación, decisión e execución de todo asunto cando conorra algunha das causas a que se refire a lexislación de procedemento administrativo e contratos das Administracións Públicas. As actuacións dos membros nos que conorran tales motivos implicará, cando fose determinante, a invalidez dos actos nos que interviran.

2. Os membros das Corporacións Locais están suxeitos a responsabilidade civil e penal polos actos e omisións realizados no exercicio do seu cargo. As responsabilidades esixiranse ante os Tribunais de Xustiza competentes e tramitaranse polo procedemento ordinario aplicable.

3. Son responsables dos acordos das Corporacións locais os membros das mesmas que os votaran favorablemente.

4. As Corporacións locais poderán exisir a responsabilidade dos seus membros cando por dolo o culpa grave, causaran danos e perxuízos a Corporación ou a terceiros, se éstos foran indemnizados por aquela.

5. Os Presidentes das Corporacións locais poderán sancionar con multa ós membros das mesmas, por falta non xustificada de asistencia

ás sesións ou incumprimento reiterado das súas obrigas, nos termos que determine a Lei da Comunidade Autónoma, e supletoriamente, a do Estado.

CAPÍTULO II

Grupos Políticos Municipais

Artigo 25.

1. Para efectos da súa actuación corporativa, os membros desta Corporación constituiranse en Grupos Políticos Municipais, na forma e cos dereitos e obrigas que establece este regulamento.
2. Ninguén poderá pertencer a máis dun grupo.
3. En ningún caso poderán constituír Grupo Político Municipal, por separado, os/as concelleiros/as que pertencen a unha mesma lista electoral.
4. O Pleno da Corporación, con cargo aos orzamentos anuais da mesma, poderá asignar aos Grupos Políticos Municipais unha dotación económica que deberá contar con un compoñente fixo, idéntico para todos os grupos, e outro variable en función do número de membros de cada un deles, dentro dos límites que, no seu caso, se establezan con carácter xeral na Lei de orzamentos xerais do Estado, e sen que se poidan destinar ao pagamento de remuneracións de persoal de calquera tipo ao servizo da Corporación ou á adquisición de bens que poidan constituír activos fixos de carácter patrimonial.

Os Grupos Políticos Municipais deberán levar unha contabilidade específica da dotación a que se refire o parágrafo anterior, que poñerán a disposición do Pleno da Corporación sempre que este así o requira.

Artigo 26.

Ningún/a concelleiro/a poderá mudar de Grupo Político Municipal, unha vez constituída a Corporación, sen prexuízo de que poida abandonalo ou ser expulsado/a do mesmo, actuando entón como concelleiro/a non adscrito.

Os/as concelleiros/as non adscritos actuarán na Corporación de forma illada, sen poder percibir ou beneficiarse dos recursos económicos e materiais postos a disposición dos Grupos Políticos Municipais da Corporación. Nas sesións plenarias, sentaranse separados sempre que sexa posible do Grupo Municipal de procedencia.

Artigo 27.^{1 2}

1. Os concelleiros, aos efectos da súa actuación corporativa, constituiranse en grupos que se corresponderán cos partidos políticos, federacións, coalicións ou agrupacións que obtiveran postos na Corporación.
2. Cada partido político, federación, coalición ou agrupación, constituirá un único grupo.
3. Integraranse, en todo caso, no grupo mixto os membros dos partidos, federacións, coalicións ou agrupacións que non obtiveran un mínimo de dous escanos.
4. No suposto de que non existise grupo mixto, éste quedará constituído polo membro do partido político, federación, coalición ou agrupación que obtivera un só escano.
5. Os grupos políticos municipais constituiranse mediante escrito dirixido á Alcaldía, e subscrito por todos os seus integrantes, que se presentará na Secretaría xeral do Concello, dentro dos cinco días hábiles seguintes á constitución da Corporación. No mesmo escrito de constitución, os grupos políticos municipais farán constar a designación de voceiro do Grupo podendo designarse tamén aos suplentes. Se algún concelleiro non firmase o escrito de constitución do grupo, elo non impediría a súa constitución e os non asinantes pasarán á situación de "non adscritos". O conxunto dos voceiros ou suplentes, presididos polo alcalde ou alcaldesa, constitúen a Xunta de Voceiros.
6. Os membros de grupo mixto poderan participar nas comisións informativas, órganos de representación do Concello, nas comisións especiais, nos consellos sectoriais con voz, e só poderán exercer o voto aqueles designados previamente polo seu Grupo.
A participación de todos os membros do Grupo mixto nos distintos órganos municipais, non supón ningún incremento de dereitos económicos e só percibirán as asignacións por asistencia os representantes designados polo citado Grupo, na proporción que lles corresponda.
7. Para o suposto de controversias entre os integrantes do grupo mixto, no relativo a súa participación corporativa, decidirá o sr. Alcalde baseándose nos resultados obtidos nas eleccións locais que deron orixe á Corporación.
8. Os membros do grupo mixto poderán presentar mocións, propostas e preguntas de xeito individual ou colectivo.
9. Cando a maioría dos/as concelleiros/as dun grupo político municipal abandonen a formación política que presentou a candidatura pola que concorreron ás elccións ou sexan expulsados da mesma, serán os/as concelleiros/as que permanezan na

1 Artigo modificado mediante acordo do Pleno do Concello do 30/07/2015 (BOP núm. 208 do 30/10/2015)

2 Artigo modificado mediante acordo do Pleno do Concello do 30/03/2017 (BOP núm. 158, do 22/08/2017)

citada formación política os lexítimos integrantes de dito grupo político a todos os efectos. En calquera caso, o/a secretario/a da corporación poderá dirixirse ao representante legal da formación política que presentou a correspondente candidatura a efectos de que notifique a acreditación das circunstancias sinaladas.

Artigo 28.

Da constitución dos Grupos Políticos Municipais e dos seus integrantes e voceiros, o alcalde ou alcaldesa dará conta ao Pleno, na primeira sesión que se celebre, tras cumprirse o prazo previsto no artigo anterior.

Artigo 29.

Cada un dos Grupos Políticos Municipais constituídos, en función da súa proporcionalidade, disporá sempre que sexa posible dun gabinete ou local na Casa do Concello para se reunir de maneira independente e recibir visitas da cidadanía. A Alcaldía poñerá a disposición dos Grupos Políticos Municipais a infraestrutura adecuada de medios materiais e persoais.

Os Grupos Políticos Municipais poderán facer uso de locais da Corporación, para celebrar xuntanzas ou sesións de traballo con Asociacións para a defensa dos intereses colectivos, xerais ou sectoriais da poboación.

Artigo 30.

A Alcaldía, por resolución motivada, establecerá o réxime concreto de utilización dos locais por parte dos Grupos Políticos Municipais, tendo en conta a necesaria coordinación funcional e de acordo cos niveis de representación política de cada un dos Grupos.

Artigo 31.

En ningún caso, o tipo de xuntanzas previsto no artigo 30, poderá cadrar coa sesión da Xunta de Goberno Local ou Sesión Plenaria.

Artigo 32.

Cada Grupo Político Municipal, mediante escrito do seu voceiro dirixido ao alcalde ou alcaldesa, designará ao compoñente ou compoñentes que representarán ao Grupo en todos os órganos colexiados integrados por concelleiros/as.

CAPÍTULO III

Da Xunta de voceiros

Artigo 33.³

Os voceiros dos distintos Grupos Políticos municipais constituídos conforme ao disposto neste Regulamento, presididos polo alcalde ou alcaldesa, constitúen a Xunta de Voceiros, que terá carácter informativo e deliberante. Esta Xunta entenderase constituída cando conorra a metade máis un dos seus membros.

Artigo 34.

A Xunta de voceiros será convocada polo seu presidente/a cunha antelación mínima de vinte e catro horas, ben a iniciativa propia, ben por petición dun Grupo Municipal. Neste caso, o alcalde ou alcaldesa deberá convocala incluíndo na orde do día o asunto ou asuntos propostos.

Artigo 35.

A Xunta de voceiros poderá ser asistida polo/a secretario/a xeral e/o funcionario con cualificación xurídica suficiente e igualmente poderá requirir a presenza de calquera concelleiro/a ou funcionario/a municipal para informar sobre o asunto da súa competencia incluída na orde do día.

Artigo 36.

A Xunta de voceiros reunirse, con carácter obrigatorio, antes da celebración das xuntanzas do Concello Pleno, xa sexan estas xuntanzas de carácter ordinario ou extraordinario. No caso de convocatoria de Plenos urxentes, a xuntanza celebrarase sempre que sexa posible cando xurda a urxencia que faga necesaria a celebración do Pleno. Nestas xuntanzas o alcalde ou alcaldesa someterá a consulta as ordes do día dos Plenos e os voceiros informarán e serán informados dos rogos, preguntas e asuntos de urxencia que prevexan formular nestes Plenos.

Artigo 37.

³ Artigo modificado mediante acordo do Pleno do Concello de data 30/03/2017 (BOP núm. 158 do 22/08/2017)

Sen prexuízo das restantes funcións que lle asigne o presente Regulamento, a Xunta de voceiros deberá ser consultada previamente para:

- a) Fixar os criterios xerais para o mellor funcionamento de todos os órganos corporativos e Comisións Informativas.
- b) Sinalamento das persoas que deben representar ao Concello nos casos en que este debe estar representado institucionalmente en outros organismos.
- c) Interpretación deste Regulamento e aclaración das dúbidas que se susciten con motivo da súa aplicación.

CAPÍTULO IV

Rexisto de intereses

Artigo 38.⁴

1.- Todos os membros da Corporación, antes de tomar posesión como concelleiros/as, e como requisito imprescindible, presentarán ante a Secretaría Xeral do Concello:

- Declaración sobre causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que lles proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos.
- Declaración dos seus bens patrimoniais e da participación en sociedades de todo tipo, con información das sociedades por elas participadas.
- Copia compulsada da última declaración tributaria do Imposto sobre a renda, patrimonio e sociedades, se é o caso.

No caso de presentar as declaracións tributarias de xeito telemático a través de internet, será necesario achegar copia da mesma e declaración xurada de que foron efectivamente presentadas.

2.- As declaracións de actividades e de bens, efectuadas obrigatoriamente nos modelos aprobados polo Pleno, e as declaracións tributarias, se presentarán tamén:

- Con ocasión do cesamento no cargo.
- Ao final do mandato.
- Cando se modifiquen as circunstancias de feito.
- Anualmente.

3.- De conformidade co establecido no artigo 75.7 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, os membros da Corporación respecto dos que, en virtude do seu cargo, resulte ameazada a súa seguridade persoal ou a dos seus bens ou negocios, a dos seus familiares, socios, empregados ou persoas con quen tiveran relación económica ou profesional, poderán realizar a declaración dos seus bens e dereitos patrimoniais ante o secretario/a da Deputación provincial da Coruña ou, se é o caso, ante o órgano competente da Xunta de Galicia, para a súa inscrición no Rexistro Especial de Intereses.

Neste suposto, achegarán ao secretario/a da Corporación, unha certificación simple e sucinta, acreditativa de ter cumprimentadas as súas declaracións, e que estas están inscritas no Rexistro Especial de Intereses, expedida polo funcionario encargado do mesmo.

A citada certificación deberá presentarse nos mesmos supostos previstos nas alíneas 1 e 2 do presente artigo.

Artigo 39.⁵

As declaracións de bens e de actividades faranse cubrindo impresos normalizados que, previa a súa aprobación polo Pleno, se facilitarán polo Concello, dando o/a Secretario/a fe da data e da identidade do declarante, facéndose o declarante responsable do contido das declaracións.

Artigo 40.⁶

1.- As declaracións formuladas inscribiránse nos Rexistro de Intereses constituídos para o efecto no Concello de Culleredo:

- Rexistro de Bens Patrimoniais
- Rexistro de Incompatibilidades e de actividades.

2. Os rexistros previstos neste capítulo teñen carácter público. Para o acceso aos datos contidos neles rexerán as seguintes regras:

Calquera cidadán, a título individual ou en representación de persoa xurídica que desexa coñecer as declaracións, deberá presentar no Rexistro xeral ou polos medios establecidos no artigo 38 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, unha solicitude na que se faga constar o nome e apelidos do interesado e, de se-lo caso, da persoa que o represente, lugar que sinala para os efectos de notificacións, feitos, razóns e petición na que se indique o nome do membro corporativo sobre cuxa declaración se interesa consulta. Non serán admisibles as solicitudes xenéricas.

4 Artigo modificado mediante acordo do Pleno do Concello do 25/01/2011 (BOP núm. 76 do 20/04/2011)

5 Artigo modificado mediante acordo do Pleno do Concello do 25/01/2011 (BOP núm. 76 do 20/04/2011)

6 Artigo modificado mediante acordo do Pleno do Concello do 25/01/2011 (BOP núm. 76 do 20/04/2011)

As solicitudes de acceso aos rexistros resolveraaas o Alcalde e a publicidade farase efectiva mediante comparecencia do/a solicitante na Secretaría municipal que lle exhibirá as declaracións correspondentes.

Tendo en conta o establecido no artigo 42 deste regulamento respecto da publicidade das declaracións de bens e actividades presentadas polos membros da Corporación, non se facilitarán copias de ditas declaracións, pero si se poderá expedir certificado dos extremos que se soliciten.

3. As regras contidas neste artigo son de aplicación aos membros da Corporación.

Artigo 41.⁷

1. Non se poderá tomar posesión como concelleiro/a sen ter presentado a declaración sobre causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos, a declaración de bens patrimoniais e da participación en sociedades de todo tipo, con información das sociedades por ela participadas, obrigatoriamente nos modelos aprobados polo Pleno da Corporación, así como copia compulsada da última declaración tributaria do Imposto sobre a renda, patrimonio e sociedades, de se-lo caso. Cando a declaración ou declaracións tributarias non se correspondan coas do exercizo inmediatamente anterior, deberán presentarse éstas na primeira quincena do mes de xullo.

As declaracións presentaranse aínda que xa se presentasen no mandato anterior.

2. Durante o período de mandato, os/as Concelleiros/as deberán formular a correspondente declaración no modelo aprobado polo Pleno, no supostos de que se produzan variacións respecto do consignado na declaración de bens patrimoniais e da participación en sociedades ou na declaración sobre causas de posible incompatibilidade e actividades, relacionando as alteracións producidas. O prazo para comunicar as citadas variacións será dun mes a contar desde o día seguinte a aquel en que se teñan producido.

3. Igualmente os/as Concelleiros/as deberán presentar as declaracións no prazo de dez días dende o cesamento do cargo.

Cando o suposto sexa por remate do mandato, o prazo se contará a partir do momento en que os/as concelleiros/as cesen no exercicio das súas funcións para a administración ordinaria, por toma de posesión dos seus sucesores.

No suposto de renuncia, desde que se tome coñecemento do escrito de renuncia polo Pleno da Corporación.

No suposto de perda da condición de concelleiro/a por incompatibilidade, desde que se tome coñecemento do escrito de renuncia polo Pleno da Corporación ou desde que o Pleno declare a vacante.

No suposto de perda da condición de concelleiro por decisión xudicial, desde que se tome coñecemento polo Pleno da Corporación.

4. A presentación anual das declaracións a que se refire o artigo 38.2 deste regulamento efectuarase no mes de xullo de cada ano.

Artigo 42.⁸

As declaracións de bens e actividades presentadas polos membros da Corporación publicaranse con carácter anual, no mes de agosto, na páxina web municipal, que será de libre acceso.

A mesma publicación levarase a cabo coas declaracións presentadas con ocasión do cesamento no cargo ou ao final do mandato.

Non obstante, para salvagardar a privacidade e seguridade dos membros da Corporación, se omitirán os datos relativos ao domicilio así como a localización dos seus bens.”

CAPÍTULO V

Tratamentos honoríficos

Artigo 43.

O alcalde ou alcaldesa do Concello de Culleredo, en atención á tradición recoñecida por disposicións legais, ten o tratamento de Señoría, salvo que persoalmente ostente un superior.

Artigo 44.

A condición de concelleiro/a será acreditada externamente co carné, con independencia do uso da medalla e a insignia cando o protocolo así o requira.

Artigo 45.

No carné de concelleiro/a o/a secretario/a xeral da Corporación certificará o nome, sinatura, foto e número de Documento Nacional de Identidade do concelleiro/a, así como a data de toma de posesión do seu cargo e o período corporativo a que corresponde.

Artigo 46.

⁷ Artigo modificado mediante acordo do Pleno do Concello do 25/01/2011 (BOP núm. 76 do 20/04/2011)

⁸ Artigo modificado mediante acordo do Pleno do Concello do 25/01/2011 (BOP núm. 76 do 20/04/2011)

A medalla de alcalde ou alcaldesa será de ouro e a de concelleiro/a de prata, en ambos casos colgando dunha fita de seda de cor azul (pantone reflex blue) e levando gravado no anverso o escudo de Culleredo e no reverso o escudo nacional, o nome do ou da titular e data do seu mandato.

Artigo 47.

A insignia dos membros desta Corporación estará formada polo escudo de Culleredo, en ouro e esmalte, coa coroa real pechada que corresponde a este escudo.

Terán dereito ao seu uso, de forma permanente, quen a adquirise en razón ao cargo ostentado.

TÍTULO SEGUNDO

Organización do Concello de Culleredo

CAPÍTULO I

Do municipio de Culleredo

Artigo 48.⁹

1. O Concello de Culleredo é o órgano de goberno e administración do municipio do mesmo nome e é unha Corporación de Dereito Público.

2. A organización municipal do Concello de Culleredo estrutúrase nos seguintes órganos:

- a) O alcalde ou alcaldesa.
- b) Os/as tenentes de alcalde.
- c) Os/as Concelleiros/as
- d) A Xunta de Goberno Local
- e) O Pleno
- f) A Comisión Especial de Contas
- g) As Comisións Informativas
- h) A Xunta de Coordinación

SECCIÓN PRIMEIRA

Constitución, vixencia e finalización do mandato corporativo

Artigo 49.

1. O Pleno e a Xunta de Goberno Local celebrará sesión extraordinaria o terceiro día anterior ao sinalado pola lexislación electoral para a sesión constitutiva deste Concello, para o único efecto de aprobar a acta da última sesión celebrada.

2. O/a secretario/a xeral e o/a interventor/a deste Concello tomarán as medidas precisas para que, o día da constitución da nova Corporación Municipal de Culleredo, se efectúe un arqueo e estean preparados e actualizados os xustificantes das existencias en metálico ou valores propios desta Corporación, depositados na Caixa Municipal ou entidades bancarias, así como a documentación relativa ao Inventario do Patrimonio desta Corporación e dos seus organismos autónomos.

Artigo 50.

1. A Corporación Municipal de Culleredo constituirase en sesión pública o vixésimo día posterior á celebración das eleccións, salvo que se presentase recurso contencioso electoral contra a proclamación dos/as concelleiros/as electos. Neste suposto constituirase o cuadraxésimo día posterior ás eleccións.

2. Para tal fin constitúese unha Mesa de Idade integrada polos/as escollidos/as de maior e menor idade presentes no acto, actuando como secretario/a o que o sexa da Corporación.

3. A Mesa comproba as credenciais presentadas ou acreditacións da personalidade dos electos, con base ás certificacións que ao Concello remítense a Xunta Electoral de Zona.

4. Realizada a operación anterior a Mesa declarará constituída a Corporación se concorre a maioría absoluta dos/as concelleiros/as

⁹ Artigo modificado mediante acordo do Pleno do Concello do 27/06/2013 (BOP núm. 189 do 03/10/2013)

electos. En caso contrario, celebrárase sesión dous días despois, ficando constituída a Corporación, calquera que fose o número de concelleiros/as presentes. Se por calquera circunstancia non puidese constituírse a Corporación, procede a constitución dunha Comisión xestora nos termos previstos pola lexislación electoral xeral.

Artigo 51.¹⁰

Dentro dos trinta días seguintes ao da sesión constitutiva, o alcalde ou alcaldesa convocará a sesión ou sesións extraordinarias do Pleno da Corporación que sexan precisas, a fin de resolver sobre os seguintes puntos:

- a) Periodicidade de sesións do Pleno
- b) Creación e composición das Comisións Informativas Permanentes.
- c) Nomeamento de representantes da Corporación en toda clase de órganos colexiados en que deba estar representada que sexan da súa competencia.
- d) Coñecemento das resolucións do alcalde ou alcaldesa en materia de nomeamentos de tenentes de alcalde, membros da Xunta de Goberno Local e presidentes/as das Comisións Informativas, así como das delegacións que a Alcaldía estime conveniente conferir.

Artigo 52.

1. O mandato dos membros deste Concello é de catro anos, contados a partir da data da súa elección.
2. Unha vez finalizado o seu mandato o alcalde ou alcaldesa e os/as concelleiros/as cesantes continuarán nas súas funcións soamente para a administración ordinaria ata a toma de posesión dos seus sucesores, e en ningún caso poderán adoptar acordos para os que legalmente se requira unha maioría cualificada.

SECCIÓN SEGUNDA

Do alcalde ou alcaldesa

Artigo 53.

1. A elección e destitución do alcalde ou alcaldesa réxese polo disposto na lexislación electoral, sen prexuízo da aplicación das normas relativas ao réxime de sesións plenarias do Concello.
2. Quen resulte proclamado alcalde ou alcaldesa tomará posesión ante o Pleno da Corporación, de acordo coa forma xeral establecida para a toma de posesión dos cargos públicos.
3. Se non se atopa presente na sesión de constitución, será requirido para tomar posesión no prazo de corenta e oito horas, igualmente ante o Pleno corporativo, coa advertencia de que, caso de non facelo sen causa xustificada, se estará ao disposto na lexislación electoral para os casos de vacante na Alcaldía.
4. O alcalde ou alcaldesa poderá renunciar ao seu cargo sen perder por iso a súa condición de concelleiro/a. A renuncia deberá facerse efectiva por escrito ante o Pleno da Corporación, que deberá adoptar acordo de coñecemento dentro dos dez días seguintes. En tal caso, a vacante cubrirase na forma establecida na lexislación electoral.
5. Vacante a Alcaldía por renuncia do seu titular, falecemento ou sentenza firme, a sesión extraordinaria para a elección dun novo alcalde ou alcaldesa celebrárase, cos requirimentos estabelecidos na lexislación electoral, dentro dos dez días seguintes á aceptación da renuncia polo Pleno, ao momento do falecemento ou á notificación da sentenza, segundo os casos.
6. No suposto de que prospere unha moción de censura contra o alcalde ou alcaldesa, este/a cesará no seu cargo no momento da adopción do acordo. Quen resulte proclamado como alcalde ou alcaldesa deberá tomar posesión do cargo na forma establecida nos apartados 2 e 3 deste artigo.

Artigo 54.¹¹

1. O alcalde ou alcaldesa e o presidente/a da Corporación e ostenta as seguintes atribucións:
 - a) Dirixir o goberno e a administración municipal.
 - b) Representar ó Concello.
 - c) Convocar e presidir as sesións do Pleno, salvo os supostos previstos nesta lei e na lexislación electoral xeral, da Xunta de Goberno Local, e de calesquera outros órganos municipais cando así se estableza en disposición xeral ou regulamentaria, e decidir os empates con voto de calidade.
 - d) Dirixir, inspeccionar e impulsar os servizos e obras municipais.
 - e) Dictar bandos.

¹⁰ Artigo modificado mediante acordo do Pleno do Concello do 25/01/2011 (BOP núm. 76 do 20/04/2011)

¹¹ Artigo modificado mediante acordo do Pleno do Concello do 25/01/2011 (BOP núm. 76 do 20/04/2011)



f) O desenvolvemento da xestión económica de acordo co Orzamento aprobado, dispor gastos dentro dos límites da súa competencia, concertar operacións de crédito, con exclusión das contempladas no artigo 158.3 da *Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais*, sempre que aquelas estean previstas no Orzamento e seu importe acumulado dentro de cada exercicio económico que non supere o 10 % dos seus recursos ordinarios, salvo as de tesorería que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento non supere o 15% dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior, ordenar pagos e rendir contas; todo elo de conformidade co disposto na Lei reguladora das Facendas Locais.

g) Aprobar a oferta de emprego público de acordo co Orzamento e a plantilla aprobados polo Pleno, aprobar as bases das probas para a selección de persoal e para os concursos para a provisión de postos de traballo e distribuír as retribucións complementarias que non sexan fixas e periódicas.

h) Desempeñar a xefatura superior de todo o persoal, e acordar o seu nomeamento e sancións, incluída a separación do servizo dos funcionarios da Corporación e o despido do persoal laboral, dando conta o Pleno, nestos dous últimos casos, na primeira sesión que se celebre. Esta atribución se entenderá sen prexuízo do disposto nos artigos 99.1 e 3 desta Lei.

i) Exercer a xefatura da Policía Local.

j) As aprobacións dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas o Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.

k) O exercicio das accións xudiciais e administrativas e a defensa do Concello nas materias da súa competencia, incluso cando as houbera delegado en outro órgano e, no caso de urxencia, en materias da competencia do Pleno, neste suposto dando conta ó mesmo na primeira sesión que se celebre para a súa ratificación.

l) A iniciativa para propoñer o Pleno a declaración de lesividade en materias de competencia da Alcaldía.

m) Adoptar persoalmente, e baixo a súa responsabilidade, en caso de catástrofe ou de infortunios públicos ou grave risco dos mesmos, as medidas necesarias e adecuadas dando conta inmediata ó Pleno.

n) Sancionar as faltas de desobediencia a súa autoridade ou por infracción das ordenanzas municipais, salvo nos casos en que tal facultade esté atribuída a outros órganos

ñ) As contratacións de obras, subministrados, servizos, de xestións de servizos públicos, os contratos administrativos especiais, e os contratos privados cando o seu importe non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do presuposto nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referida aos recursos ordinarios do presuposto do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.

o) A aprobación dos proxectos de obras e de servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estean previstos no orzamento.

p) A adxudicación de concesións sobre os bens das entidades locais e a adquisición de bens inmobles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o seu valor non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do presuposto nin o importe de tres millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a contía indicados.

q) O outorgamento das licencias, salvo que as leis sectoriais o atribúan expresamente ó Pleno e a Xunta de Goberno Local.

r) Ordenar a publicación, execución e facer cumprir o acordos do Concello.

s) As demais que expresamente lle atribúan as Leis e aquelas que a lexislación do Estado ou das Comunidades Autónomas asignen ao municipio e non atribúan a outros órganos municipais.

2. Corresponde asimismo o Alcalde ou Alcaldesa o nomeamento dos/as Tenentes de Alcalde.

3. O Alcalde ou Alcaldesa pode delegar o exercicio das súas atribucións, salvo as de convocar e presidir as sesións do Pleno e da Xunta de Goberno, decidir os empates co voto de calidade, a concertación das operacións de crédito, a xefatura superior de todo o persoal, a separación do servizo dos funcionarios e o despido do persoal laboral, e as enunciadas nos parágrafos a), e), j), k), l) e m) do apartado 1 deste artigo.

No obstante, poderá delegar na Xunta de Goberno Local o exercicio das atribucións contempladas no párrafo j).

Artigo 55.

O alcalde ou alcaldesa dará conta sucinta á Corporación, en cada sesión ordinaria do Pleno, das resolucións que adoptara desde a última sesión plenaria ordinaria para que os/as concelleiros/as coñezan o desenvolvemento da Administración municipal para os efectos de control e fiscalización dos órganos de goberno, previstos no artigo 22.2.a), da Lei 7/1985, de 2 de abril.

Artigo 56.

1. As delegacións realizaranse nos termos previstos no artigo 54, neste artigo e nos seguintes.

2. O alcalde ou alcaldesa pode efectuar delegacións, en favor da Xunta de Goberno Local, como órgano colexiado. En tal caso, os acordos

adoptados por esta en relación coas materias delegadas, terán o mesmo valor que as resolucións que dicte o alcalde ou alcaldesa en exercicio das atribucións que non delegase, sen prexuízo da súa adopción conforme ás regras de funcionamento da Xunta.

3.O alcalde ou alcaldesa pode delegar o exercicio de determinadas atribucións nos membros da Xunta de Goberno Local, e, nos/as tenentes de alcalde, sen prexuízo das delegacións especiais que, para cometidos específicos, poda realizar en favor de calquera concelleiro/a, aínda que non pertencesen a aquela Xunta.

As delegacións xenéricas referiranse a unha ou varias áreas ou materias determinadas, e poderán abranger tanto a facultade de dirixir os servizos correspondentes como a de os xestionar en xeral, incluída a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

4. Así mesmo, o alcalde ou alcaldesa poderá efectuar delegacións especiais en calquera concelleiro/a para o enderezo e xestión de asuntos determinados incluídos nas citadas áreas. Neste caso, o/a concelleiro/a que ostente unha delegación xenérica terá a facultade de supervisar a actuación dos/as concelleiros/as con delegacións especiais para cometidos específicos incluídos na súa área.

5. As delegacións especiais poderán ser de tres tipos:

a) Relativas a un proxecto ou asunto determinado. Neste caso a eficacia da delegación, que poderá conter todas as facultades delegables do alcalde ou alcaldesa, incluído a de emitir actos que afecten a terceiros, se limitará ao tempo de xestión ou execución do proxecto.

b) Relativas a un determinado servizo. Neste caso a delegación comprenderá a dirección interna e a xestión dos servizos correspondentes, pero non poderá incluír a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

c) Relativas a un distrito ou barrio. Poderán incluír todas as facultades delegables do alcalde ou alcaldesa en relación con certas materias, pero circunscritas ao ámbito territorial da delegación. En caso de coexistir este tipo de delegacións con delegacións xenéricas por áreas, os Decretos de delegación establecerán os mecanismos de coordinación entre unhas e outras, de tal maneira que fiquen garantida a unidade de goberno e xestión do municipio.

Artigo 57.¹²

1. Todas as delegacións a que se refire o artigo anterior serán realizadas mediante Decreto do alcalde ou alcaldesa que conterá o ámbito dos asuntos a que se refire a delegación, as facultades que se deleguen, así como as condicións específicas de exercicio das mesmas, na medida en que se concreten ou aparten do réxime xeral previsto neste Regulamento.

2. A delegación de atribucións do alcalde ou alcaldesa surtirá efecto desde o día seguinte ao da data do Decreto, salvo que en ela se dispoña outra cousa, sen prexuízo da súa preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia e o Municipal cando exista.

3. As normas dos apartados anteriores serán aplicables a calquera modificación posterior das delegacións.

4. De todas as delegacións e das súas modificacións dará conta ao Pleno na primeira sesión que este celebre con posterioridade ás mesmas.

SECCIÓN TERCEIRA

Dos/as tenentes de alcalde

Artigo 58.

1. Os/as tenentes de alcalde serán libremente nomeados/as cesados/as polo alcalde ou alcaldesa de entre os membros da Xunta de Goberno Local.

Os nomeamentos e os cesamentos faranse mediante resolución do alcalde ou alcaldesa da que se dará conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre, notificándose ademais, persoalmente aos/as designados/as, e se publicarán no Diario Oficial da Comunidade Autónoma de Galicia e en Boletín Oficial da provincia, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte da sinatura da resolución polo alcalde ou alcaldesa, se en ela non se dispuxese outra cousa.

2. A condición de tenente de alcalde pérdese, ademais de polo cesamento, por renuncia expresa manifiesta por escrito e por perda da condición de membro da Xunta de Goberno Local.

Artigo 59.

Corresponde aos/as tenentes de alcalde, como tales, substituír na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento, ao alcalde ou alcaldesa, nos casos de vacante, ausencia, enfermidade, impedimento que imposibilite a este/a para o exercicio das súas atribucións, así como desempeñar as funcións do alcalde ou alcaldesa nos supostos de vacante na Alcaldía ata que tome posesión o novo alcalde ou alcaldesa.

Igualmente, cando durante a celebración dunha sesión se abstivese de intervir, en relación con algún punto concreto da mesma, o/a presidente/a, conforme ao previsto no artigo 76 da Lei 7/1985, de 2 de abril, substituirá ao alcalde ou alcaldesa na presidencia da mesma polo tenente de alcalde a quen corresponda.

¹² Artigo modificado mediante acordo do Pleno do Concello do 25/01/2011 (BOP núm. 76 do 20/04/2011)

Artigo 60.

Nos supostos de substitución do alcalde ou alcaldesa, por razóns de ausencia, enfermidade, o/a tenente de alcalde que asuma as súas funcións non poderá revogar as delegacións que outorgase o primeiro en virtude do disposto no artigo 56.

SECCIÓN CUARTA

Do Pleno

Artigo 61.

O Pleno está integrado por todos/as concelleiros/as e é presidido polo alcalde ou alcaldesa. Constitúese de conformidade coa lexislación electoral.

Artigo 62.¹³

1. O Pleno, integrado polos Concelleiros, é presidido polo Alcalde ou Alcaldesa

2. Corresponden, en todo caso, o Pleno as seguintes atribucións:

- a) O control e a fiscalización dos órganos de goberno municipais.
- b) Os acordos relativos á participación en organizacións supramunicipais, a alteración do termo municipal, a creación ou supresión de municipios e das Entidades a que se refire o artigo 45 da Lei 7/1985, de 2 de abril, a creación de órganos desconcentrados, a alteración da capitalidade do municipio e o cambio de nome deste ou daquelas Entidades, e a adopción ou modificación da súa bandeira, insignia ou escudo.
- c) A aprobación inicial do planeamento xeral e a aprobación que poña fin á tramitación municipal dos plans e demais instrumentos de ordenación previstos na lexislación urbanística, así como os convenios que teñan por obxecto a alteración de calesquera de ditos instrumentos.
- d) A aprobación do regulamento orgánico e das ordenanzas.
- e) A determinación dos recursos propios de carácter tributario; a aprobación e modificación dos orzamentos, e a disposición dos gastos e materia da súa competencia e a aprobación das contas; todo elo dacordo co disposto na *Lei reguladora das Facendas Locais*.
- f) A aprobación das formas de xestión dos servizos e dos expedientes de municipalización.
- g) A aceptación da delegación de competencias feita por outras Administracións Públicas.
- h) O plantexamento de conflitos de competencias a outras entidades locais e demais administracións públicas.
- i) A aprobación da plantilla de persoal e da relación de postos de traballo, a fixación da contía das retribucións complementarias fixas e periódicas dos/as funcionarios/as e o número e réxime do persoal eventual.
- x) O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da corporación en materias de competencia plenaria.
- k) A declaración de lesividade dos actos do Concello.
- l) A alteración da calificación xurídica dos bens de dominio público.
- m) A concertación das operacións de crédito cuxa contía acumulada, dentro de cada exercicio económico, exceda do 10% dos recursos ordinarios do Orzamento salvo as de tesourería, que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15% dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior todo elo de conformidade co disposto na *Lei Reguladora das Facendas Locais*.
- n) As contratacións verbo dos contratos que celebre a Entidade Local non mencionados no apartado 1. ñ) do artigo 54.
- ñ) A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aún non estén previstos nos orzamentos.
- o) A adxudicación de concesión sobre os bens da Corporación e a adquisición de bens inmoebles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial así como a enaxenación do patrimonio cando non estean atribuídas ao Alcalde, e dos bens declarados de valor histórico ou artístico calquera que sexa o seu valor.
 - 1) Cando se trate de bens inmoebles ou de bens moebles que estean declarados de valor histórico ou artístico, e non estean previstas no Orzamento.
 - 2) Cando, estando previstas no Orzamento, superen as mesmas porcentaxes e contías indicados para as adquisicións de bens.
- p) Aquelas outras que deban corresponder ao Pleno por esixir a súa aprobación unha maioría especial.
- q) As demais que expresamente lle confiran as leis.

¹³ Artigo modificado mediante acordo do Pleno do Concello do 25/01/2011 (BOP núm. 76 do 20/04/2011)

Artigo 63.¹⁴

O Pleno pode delegar o exercicio das súas atribucións no alcalde ou Alcaldesa e na Xunta de Goberno Local, salvo as enunciadas nos parágrafos a), b), c), d), e), f), g), h), i), l), e p) do artigo anterior.

SECCIÓN QUINTA

Da Xunta de Goberno Local

Artigo 64.

1. A Xunta de Goberno Local está integrada polo alcalde ou alcaldesa, que a preside, e concelleiros/as que nomee como membros da mesma, do que se dará conta ao Pleno.
2. O número de concelleiros/as aos que o alcalde ou alcaldesa pode nomear membros da Xunta de Goberno Local, non poderá ser superior ao tercio do número legal de membros da Corporación. Para os efectos do cómputo non se terán en conta os decimais que resulten de dividir por tres o número total de concelleiros/as.
3. O alcalde ou alcaldesa pode cesar libremente, en todo momento, a calquera membros da Xunta de Goberno Local.
4. As nomeacións e cesamentos serán adoptados coas formalidades previstas no número primeiro do artigo 58 deste Regulamento.
5. Poderán ser obxecto dunha soa resolución do alcalde ou alcaldesa, o nomeamento como membro da Xunta de Goberno Local e a delegación de atribucións a que se refire o artigo 56 deste Regulamento.

Artigo 65.

1. É atribución propia e indelegable da Xunta de Goberno Local a asistencia permanente ao alcalde ou alcaldesa en exercicio das súas atribucións. Para tal fin, a Xunta de Goberno Local será informada de todas as decisións do alcalde ou alcaldesa.
2. Así mesmo, a Xunta de Goberno Local exercerá as atribucións que lle deleguen, en virtude do disposto nos artigos 56 e 63, o alcalde ou alcaldesa ou o Pleno, así como aquelas atribucións que lle asignen as Leis.
3. O réxime das delegacións do alcalde ou alcaldesa e do Pleno, na Xunta de Goberno Local, rexeráse polo disposto nos artigos 56, 57 e 63 deste Regulamento.

TÍTULO TERCEIRO

Funcionamento dos órganos necesarios do Concello de Culleredo

CAPÍTULO I

Funcionamento do Pleno

SECCIÓN PRIMEIRA

Dos requirimentos de celebración das sesións

Artigo 66.

As sesións do Pleno poden ser de tres tipos:

- a) Ordinarias.
- b) Extraordinarias.
- c) Extraordinarias de carácter urgente.

Artigo 67.

1. Son sesións ordinarias aquelas cunha periodicidade preestablecida. Esta periodicidade será fixada por acordo do propio Pleno adoptada en sesión extraordinaria, que deberá convocar o alcalde ou alcaldesa dentro dos trinta días seguintes ao da sesión constitutiva da Corporación. As sesións ordinarias celebraranse, como mínimo, unha vez ao mes.
2. Son sesións extraordinarias aquelas que convoque o alcalde ou alcaldesa con tal carácter, por iniciativa propia ou a solicitude da cuarta parte, polo menos, do número legal de membros da Corporación. Tal solicitude terá que facerse por escrito no que se especifique o asunto ou asuntos que a motiven, asinado persoalmente por todos os que a subscriben. Ningún/a concelleiro/a pode solicitar máis de tres sesións extraordinarias anualmente. Non se pode incorporar o asunto á orde do día dun Pleno ordinario ou de outro extraordinario con máis asuntos, se non o autorizan os solicitantes da convocatoria.
3. A celebración da sesión extraordinaria a instancia de membros da Corporación non poderá demorarse por máis de quince días hábiles desde que fose solicitada.

¹⁴ Artigo modificado mediante acordo do Pleno do Concello do 25/01/2011 (BOP núm. 76 do 20/04/2011)

4. Se o/a presidente/a non convocase o Pleno extraordinario solicitado polo número de concelleiros/as indicado dentro do prazo sinalado, ficará convocado para o décimo día hábil seguinte ao da finalización deste prazo, ás 12:00 horas, o que será notificado polo/a secretario/a da Corporación a todos os membros da mesma ao día seguinte da finalización do prazo citado anteriormente. En ausencia do Presidente ou quen legalmente deba substituílo, o Pleno ficará validamente constituído sempre que concorra o quorum requerido na letra c) do artigo 46.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, en cuio caso será presidido polo membro da Corporación de maior idade entre os presentes.

5. Nos plenos ordinarios a parte dedicada ao control dos demais órganos da Corporación deberá presentar substantividade propia e diferenciada da parte resolutiva, debéndose garantir de forma efectiva no seu funcionamento e, no seu caso, na súa regulación, a participación de todos os Grupos Municipais na formulación de mocións, rogos e preguntas.

Artigo 68.

Son sesións extraordinarias urxentes as convocadas polo alcalde ou alcaldesa cando a urxencia do asunto ou asuntos a tratar non permite convocar a sesión extraordinaria coa antelación mínima de dous días hábiles esixido pola Lei 7/1985, de 2 de abril.

Neste caso debe incluírse como primeiro punto da orde do día o pronunciamento do Pleno sobre a urxencia. Se esta non resulta apreciada polo Pleno, se levantará acto seguido a sesión.

Artigo 69.

1. Corresponde ao alcalde ou alcaldesa convocar todas as sesións do Pleno. A convocatoria das sesións extraordinarias deberá ser motivada.

2. Á convocatoria das sesións acompañarase a orde do día que inclúe os asuntos a tratar co suficiente detalle, e os borradores de actas de sesións anteriores que deban ser aprobados na sesión.

3. A convocatoria, orde do día e borradores de actas deberán ser notificados aos/as concelleiros/as.

4. Entre a convocatoria e a celebración da sesión non poderán transcorrer menos de dous días hábiles, salvo no caso das sesións extraordinarias urxentes.

Artigo 70.

1. A convocatoria para unha sesión, ordinaria ou extraordinaria, dará lugar á apertura do correspondente expediente, no que deberá constar:

- a) A relación de expedientes conclusos que a Secretaría prepare e poña a disposición da Alcaldía.
- b) A fixación da Orde do día polo alcalde ou alcaldesa.
- c) As copias das notificacións cursadas aos membros da Corporación.
- d) Copia do anuncio no taboleiro de edictos do Concello e, no seu caso, prensa local.
- e) Minuta da acta.
- f) Copias dos oficios de remisión dos acordos adoptados á Delegación do Goberno en Galicia e á Xunta de Galicia.
- g) Publicación dos acordos no taboleiro de edictos.

2. Sendo preceptiva a notificación aos membros da Corporación das correspondentes ordes do día, na Secretaría Xeral deberá ficar debidamente acreditado o cumprimento deste requirimento.

Artigo 71.

1. A orde do día das sesións ordinarias e extraordinarias será fixado polo alcalde ou alcaldesa asistido do secretario/a xeral, previa consulta á Xunta de voceiros. Así mesmo, poderá recabar a asistencia a esta Xunta dos membros da Xunta de Goberno Local.

2. Na orde do día só poden incluírse os asuntos que fosen previamente dictaminados, informados ou sometidos a consulta da Comisión Informativa que corresponda.

3. O alcalde ou alcaldesa, por razóns de urxencia debidamente motivada, poderá incluír na orde do día, a iniciativa propia ou a proposta de algún dos voceiros, asuntos que non fosen previamente informados pola respectiva Comisión Informativa, pero neste suposto non poderá adoptarse acordo algún sobre estes asuntos sen que o Pleno ratifique a súa inclusión na orde do día.

4. Na orde do día das sesións ordinarias incluíranse sempre os puntos, dedicados ao control dos órganos da Corporación, mocións, rogos e preguntas.

Artigo 72.

Serán nulos os acordos adoptados en sesións extraordinarias sobre asuntos non comprendidos na súa convocatoria, así como os que se adopten en sesións ordinarias sobre materias non incluídas na respectiva orde do día, salvo especial e previa declaración de urxencia feita polo Órgano correspondente, co voto favorable da maioría prevista no artigo 47.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril.

Artigo 73.

Toda a documentación dos asuntos incluídos na orde do día que debe servir de base ao debate e, no seu caso, votación deberá estar a

disposición dos membros da Corporación desde o mesmo día da convocatoria na Secretaría da mesma.

Calquera membro da Corporación poderá, en consecuencia, examinala e mesmo obter copias de documentos concretos que a integren, pero os orixinais non poderán saír do lugar en que se atopen postos de manifesto.

O horario para exame de expedientes será o correspondente ao normal de oficinas. Non obstante, poderá ser ampliado pola presidencia cando o número ou importancia dos asuntos así o requiran, o que se comunicará ós/ás concelleiros/as e á Secretaría Xeral.

Artigo 74

1. O Pleno celebrará as súas sesións na Casa Consistorial, sede da Corporación, salvo nos supostos de forza maior nos que, a través da convocatoria ou dunha resolución do alcalde ou alcaldesa dictada previamente e notificada a todos os membros da Corporación, poderá habilitarse outro edificio ou local para tal efecto. En todo caso, farase constar en acta esta circunstancia.

2. En lugar preferente do salón de sesións estará colocada a efíxie da súa maxestade O Rei.

Artigo 75

Toda sesión, sexa ordinaria ou extraordinaria, debe respectar o principio de unidade de acto e procurarase que acabe no mesmo día do seu comezo. Se este acabase sen que se debatisen e resolvesen todos os asuntos incluídos na orde do día, o/a presidente/a poderá levantar a sesión. Neste caso os asuntos non debatidos deberán de se incluír na orde do día da seguinte sesión.

Durante o transcurso da sesión o/a presidente/a poderá, a iniciativa propia ou a petición dun/unha voceiro/a de grupo municipal, acordar breves interrupcións, para permitir as deliberacións dos grupos por separado sobre a cuestión debatida, ou para descanso nos debates.

Artigo 76

1. Serán públicas as sesións do Pleno. Non obstante, poderá ser segredo o debate e a votación daqueles asuntos que poidan afectar ao dereito fundamental dos/as cidadáns/as a que se refire o artigo 18.1 da Constitución Española, cando así se acorde por maioría absoluta e nos supostos contidos no artigo 43.a) deste Regulamento.

2. Para ampliar a difusión auditiva ou visual do desenvolvemento das sesións poderán instalarse sistemas de megafonía ou circuitos pechados de televisión.

3. O público asistente ás sesións non poderá intervir nestas, nin tampouco non poderán permitirse manifestacións de agrado ou desagrado, puidendo o/a presidente/a proceder, en casos extremos, á expulsión do asistente que por calquera causa impida o normal desenvolvemento da sesión. Sen prexuízo de iso, unha vez levantada a sesión, a Corporación pode establecer unha quenda de consultas polo público asistente sobre temas concretos de interese municipal.

Artigo 77

Os membros da Corporación tomarán asento no Salón de Sesións unidos ao seu grupo. A orde de colocación dos grupos determinarase polo/a presidente/a, consultados os voceiros, tendo preferencia o grupo formado polos membros da lista que obtivera maior número de votos. En calquera caso, a colocación dos membros corporativos tenderá a facilitar a emisión e recuento dos votos.

Artigo 78

1. Para a válida constitución do Pleno requírese a asistencia dun tercio do número legal de membros desta Corporación. Este quórum deberá manterse durante toda a sesión. En todo caso requírese a asistencia do presidente/a e do secretario/a da Corporación ou de quen legalmente os substitúan.

2. Se en primeira convocatoria non existira o quórum necesario segundo o disposto no número anterior, se entenderá convocada a sesión á mesma hora, dous días despois. Se tampouco se conseguise o quórum necesario nesta ocasión, a Presidencia deixará sen efecto a convocatoria pospoñendo o estudo dos asuntos incluídos na orde do día para a primeira sesión que se celebre con posterioridade, sexa ordinaria ou extraordinaria.

SECCIÓN SEGUNDA

Dos debates

SUBSECCIÓN PRIMEIRA

Dos debates en xeral

Artigo 79

1. As sesións comezarán preguntando a Presidencia se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación á acta da sesión anterior que se distribuirá coa convocatoria. Se non houberse observacións se considerará aprobada. Se as houberse se debaterán e

decidirán as rectificacións que procedan.

En ningún caso poderá modificarse o fondo dos acordos adoptados e só collerá enmendar os meros erros materiais ou de feito.

Ao reseñar, en cada acta, a lectura e aprobación da anterior se consignarán as observacións e rectificacións practicadas.

2. Todos os asuntos debatiranse e votarán pola orde en que estivesen relacionados na orde do día.

3. Non obstante o disposto no número anterior, o alcalde ou alcaldesa pode alterar a orde dos temas, a iniciativa propia ou a petición dun/unha concelleiro/a ou retirar un asunto cando a súa aprobación esixise unha maioría especial e esta non puidese obterse no momento previsto inicialmente na orde do día.

4. Nas sesións ordinárias, concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día e antes de pasar á quenda de rogos e preguntas, a Presidencia preguntará se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto de competencia plenaria non comprendido na orde do día que acompañaba á convocatoria e que non teña collida nos puntos de rogos e preguntas.

Se así fora, o voceiro do grupo que o propón xustificará a urxencia do asunto e o Pleno votará, acto seguido, sobre a procedencia do seu debate. Se o resultado da votación fose positivo se seguirá o procedemento previsto no artigo 81 e seguintes deste Regulamento. Se o resultado fora negativo non se entrará no debate.

O disposto neste apartado non será de aplicación, en ningún caso, ás mocións de censura, cuxa tramitación, debate e votación se rexerán polo establecido na lexislación electoral xeral.

Artigo 80.

1. Calquera concelleiro/a poderá pedir, durante o debate, a retirada de algún expediente incluído na orde do día, para efectos de que se incorporen ao mesmo documentos ou informes, e tamén que o expediente fiquese sobre a mesa, aplazándose a súa discusión para a seguinte sesión. En ambos casos, a petición será votada, tras acabar o debate e antes de proceder á votación sobre o fondo do asunto. Se a maioría simple votase a favor da petición non haberá lugar a votar a proposta de acordo.

2. No suposto de que se trate de asuntos non incluídos na orde do día que requiran informe preceptivo da Secretaría ou da Intervención, se non puidesen emitilo no acto, deberán solicitar do presidente/a que se aplace o seu estudo ficando sobre a mesa ata a próxima sesión. Cando esta petición non fose atendida, o/a secretario/a fará constar o feito na acta.

Artigo 81.

A consideración de cada punto incluído na orde do día comezará coa lectura íntegra ou en extracto polo/a secretario/a do dictame formulado pola Comisión Informativa correspondente ou, se trátase dun asunto non dictaminado, da proposición que se someta a Pleno. A solicitude de calquera grupo deberá darse lectura íntegra a aquelas partes do expediente que se considere conveniente para mellor comprensión.

Se ninguén solicitase a palabra tras a lectura, o asunto se someterá directamente a votación.

Artigo 82.

1. De promoverse debate, as intervencións serán ordenadas polo alcalde ou alcaldesa conforme ás seguintes regras:

a) Todo/a concelleiro/a ten dereito á palabra. Só poderá facerse uso da palabra previa autorización do alcalde ou alcaldesa.

b) O debate iniciarase, se así o solicita, por quen promove a proposta, con unha exposición e xustificación da mesma.

c) A continuación os diversos grupos consumirán unha primeira quenda. O alcalde ou alcaldesa velará para que todas as intervencións poidan ter unha duración igual no tempo e sinalará a cuantificación desta duración, se o considerase necesario, antes de se iniciar a primeira delas, en atención á complexidade dos temas a tratar, dos problemas que se formulen e do maior ou menor tempo con que se conte para a consideración dos asuntos incluídos na orde do día da sesión de que se trate. As quendas xerais de intervención dos Grupos Políticos Municipais e concelleiros/as non adscritos serán iniciados en orde inversa á súa importancia numérica e no caso de igualada o que teña menor número de votos, salvo nas mocións, en que o relator realizará unha primeira intervención para presentar e explicar a moción e no debate intervirá en último lugar sempre na primeira quenda.

d) Quen se considere aludido por unha intervención poderá solicitar do alcalde ou alcaldesa que se conceda unha quenda por alusións, que será breve e concisa.

e) Se o solicitase algún grupo, se procederá a unha segunda quenda de intervencións por tempo nunca superior á metade da establecida para a primeira. Consumida esta quenda o alcalde ou alcaldesa poderá dar por acabado o debate que se pechará cunha intervención de quen defendese a proposta de acordo manifestando, brevemente, se rectifica ou ratifica a mesma.

f) Non se admitirán outras interrupcións que as do presidente/a para chamar á orde ou á cuestión debatida.

2. Os membros da Corporación poderán en calquera momento do debate pedir a palabra para formular unha cuestión de orde, invocando ao efecto a norma da que reclama aplicación. O/a presidente/a resolverá o que proceda, sen que por este motivo se entable debate algún.

3. O/a secretario/a xeral e o/a interventor/a poderán intervir cando sexan requiridos, polo/a presidente/a, por razóns de asesoramento

técnico ou aclaración de conceptos. Cando estes/as funcionarios/as entendan que no debate se formulou algunha cuestión sobre a que poida dubidarse sobre a legalidade ou repercusións orzamentarias do punto debatido poderán solicitar ao presidente/a o uso da palabra para asesorar á Corporación.

Artigo 83.

1. O alcalde ou alcaldesa poderá chamar á orde a calquera membro da Corporación que:
 - a) Profira palabras ou verta concetos ofensivos ao decoro da Corporación ou dos seus membros, das Institucións Públicas ou de calquera outra persoa ou Entidade.
 - b) Produza interrupcións ou, de calquera outra forma, altere a orde das sesións.
 - c) Pretenda facer uso da palabra sen que lle fose concedida ou unha vez que lle fose retirada.
2. Tras tres chamadas á orde na mesma sesión, con advertencia na segunda das consecuencias dunha terceira chamada, o/a presidente/a poderá ordenarlle que abandone o local en que se estea a celebrar a xuntanza, adoptando as medidas que considere oportunas para facer efectiva a expulsión.

Artigo 84.

Nos supostos en que, de conformidade co establecido no artigo 76 da Lei 7/1985, algún membro da Corporación deba absterse de participar na deliberación e votación, deberá abandonar o salón mentres se discuta e vote o asunto, salvo cando se trate de discutir a súa actuación como corporativo, en que terá dereito a permanecer e defenderse .

Artigo 85.¹⁵

Para os efectos do desenvolvemento das sesións e para definir o carácter das intervencións dos membros da Corporación, utilizarase a seguinte terminoloxía:

1. Dictame, é a proposta sometida ao Pleno tras o estudo do expediente pola Comisión Informativa. Contén unha parte expositiva e un acordo a adoptar.
2. Proposición, é a proposta que se somete ao Pleno relativa a un asunto incluído na orde do día, que acompaña á convocatoria, en virtude do disposto no artigo 71.3 deste Regulamento. Conterá unha parte expositiva ou xustificación e un acordo, así mesmo, a adoptar. Non procederá entrar a debater nin votar unha proposición sen que previamente se ratifícase, de acordo co disposto no referido artigo 71.3, a inclusión do asunto na orde do día.
3. Voto particular, é a proposta de modificación dun dictame formulada por un membro que forma parte da Comisión Informativa. Deberá acompañar ao dictame desde o día seguinte á súa aprobación pola Comisión.
4. Enmenda, é a proposta de modificación dun dictame ou proposición presentada por calquera membro, mediante escrito presentado ao presidente/a antes de se iniciar a deliberación do asunto.
5. Moción é a proposta que os concelleiros poden someter directamente ao coñecemento, consideración e votación do Pleno. As mocións deberán presentarse por escrito no Rexistro Xeral do Concello coa suficiente antelación para que poida ser incluída na orde do día da convocatoria. O/a alcalde/sa pode solicitar á Comisión informativa competente por razón da materia que emita un informe razoado que ilustre a moción. Tamén calquera concelleiro pode solicitar, previo ao debate da moción, os informes técnicos oportunos.
En casos de urxencia, as mocións poderán formularse na mesma sesión plenaria por escrito ou de viva voz. De maneira previa ao seu debate, deberá declararse polo Pleno a urxencia da súa consideración.
6. Rogo, é a formulación dunha proposta de actuación dirixida a algún dos Órganos de Goberno Municipal. Os rogos formulados no seo do Pleno poderán ser debatidos, pero en ningún caso sometidos a votación. Poden formular rogos todos os membros da Corporación, ou os grupos municipais a través dos seus voceiros. Os rogos poderán ser efectuados oralmente ou por escrito e serán debatidos xeralmente na sesión seguinte, sen prexuízo de que o poidan ser na mesma sesión que se formulen se o alcalde ou alcaldesa así o considera.
7. Pregunta, é calquera cuestión planteada aos Órganos de Goberno no seo do Pleno. Poden formular preguntas todos os membros da Corporación, ou os grupos municipais a través dos seus voceiros. As preguntas formuladas oralmente no transcurso dunha sesión serán xeralmente contestadas polo seu destinatario/a na sesión seguinte, sen prexuízo de que o/a preguntado/a queira darlle resposta inmediata. As preguntas formuladas por escrito serán contestadas polo seu destinatario/a na sesión seguinte, sen prexuízo de que o preguntado queira darlle resposta inmediata. As preguntas formuladas por escrita con vinte e catro horas de antelación, serán contestadas ordinariamente na sesión ou, por causas debidamente motivadas, na seguinte.

15 Artigo modificado mediante acordo do Pleno do Concello do 25/01/2011 (BOP núm. 76 do 20/04/2011)

SUBSECCIÓN SEGUNDA

Dos debates en casos especiais

Artigo 86.

En razón ás peculiaridades que concorren nos mesmos, terán procedemento especial de debate os expedientes que se refiran ás seguintes materias:

- a) Orzamento Municipal.
- b) Debate do Estado do Municipio.

Artigo 87.

O debate do orzamento comezará con unha defensa do proxecto presentado, efectuada, ben directamente polo alcalde ou alcaldesa, ben polo/a concelleiro/a en quen designe.

Artigo 88.

Se existisen enmendas á totalidade do proxecto de orzamento, se entrará no exame das mesmas, para o que se iniciará unha quenda de intervencións comezando polo/a voceiro/a do grupo que promove a enmenda sobre a xustificación ou oposición a da mesma á totalidade e conseguinte retirada do tema da orde do día ou continuación da discusión do mesmo. De existir varias enmendas á totalidade comezase polo grupo menos numeroso ou concelleiro/a non adscrito. Posteriormente ao que promove a enmenda terán unha primeira quenda, se o pedisen, os demais grupos de menor a maior.

Se algún grupo ou concelleiro/a non adscrito solicitase unha segunda quenda se procederá de acordo co establecido no artigo 82 e) deste Regulamento.

Artigo 89.

De continuarse a discusión do proxecto de orzamento, se pasará á consideración das enmendas parciais ao articulado do texto do proxecto ou dos partidas de gastos e ingresos do mesmo. En todo caso, este tipo de enmendas parciais deberán estar redactadas en forma que manteña o equilibrio económico e conceptual do proxecto enmendado, de tal forma que no mesmo documento en que se solicite a alteración dunha partida se indique a alteración das que resulten afectadas e na medida en que se desexe, para restablecer o citado equilibrio económico ou conceptual.

Artigo 90.

Cada grupo político defenderá, agrupándoas por áreas, as distintas enmendas parciais presentadas, dispoñendo para iso do tempo que a Alcaldía outorgue ao comezo do debate en atención á importancia das enmendas, á complexidade dos debates e ao tempo total con que se conte para a discusión do orzamento.

Acabada esta quenda, poderá iniciarse outra para explicación do voto, e a continuación serán sometidas a votación unha por unha as enmendas parciais formuladas.

As que se aproben se considerarán incorporadas ao proxecto de orzamento e, polo tanto, modificado este no sentido que tales enmendas proclamen.

Por última e tras outra quenda de explicación de voto, se someterá a votación o proxecto de orzamento coas enmendas aprobadas e incorporadas.

Artigo 91.

O debate do Estado do Municipio terá unha periodicidade dunha vez ó ano e comezará coa defensa por parte do alcalde ou alcaldesa ou polo/a concelleiro/a que este designe. A continuación cada Grupo Político ou concelleiro/a non adscrito da Corporación exporá o seu punto de vista, dispoñendo para iso do tempo que se establecese na Xunta de voceiros para a primeira quenda de intervencións. En caso de ser necesario realizarase unha segunda quenda, que terá unha duración do 50% designado para o primeiro.

SECCIÓN TERCEIRA

Das votacións

Artigo 92.

1. Finalizado o debate dun asunto, procederase á súa votación.

2. Antes de comezar a votación o alcalde ou alcaldesa formulará clara e concisamente os termos da mesma e a forma de emitir o voto.
3. Unha vez iniciada a votación non pode interromperse por ningún motivo. Durante o desenvolvemento da votación o/a presidente/a non concederá o uso da palabra e ningún membro corporativo poderá entrar no Salón ou abandonalo .
4. Acabada a votación ordinaria, o alcalde ou alcaldesa declarará o acordo.
5. Inmediatamente de concluír a votación nominal, o/a secretario/a computará os sufraxios emitidos e anunciará en voz alta o seu resultado, en vista do que o alcalde ou alcaldesa proclamará o acordo adoptado.

Artigo 93.

1. O Pleno do Concello de Culleredo adopta os seus acordos como regra xeral, por maioría simple dos membros presentes. Existe maioría simple cando os votos afirmativos son máis que os negativos.
2. Entenderase por maioría absoluta cando os votos afirmativos son máis da metade do número legal de membros da Corporación. Requírese o quórum da maioría absoluta legal para a adopción de acordos nas materias que determina o artigo 47.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, segundo a modificación contida na Lei 57/2003, de 16 decembro.
3. No caso de que, de acordo co procedemento establecido no parágrafo primeiro do artigo 182 da Lei orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do réxime electoral xeral, non quedasen máis posibles candidatos/as ou suplentes a nomear, os quórum de asistencia e votación previstos na lexislación vixente se entenderán referidos ao número de feito de membros da Corporación subsistente, de conformidade co disposto no citado precepto da lei electoral.

Artigo 94.

1. O voto pode emitirse en sentido afirmativo ou negativo, podendo os membros da Corporación absterse de votar. Para efectos da votación correspondente considerarase que se absteñen os membros da Corporación que ausentaran do salón de sesións unha vez iniciada a deliberación dun asunto e non estivesen presentes no momento da votación. no suposto de que se reintegrasen ao salón de sesións antes da votación poderán, desde entón, tomar parte na mesma.
2. No caso de votacións con resultado de igualada efectuarase unha nova votación, e se persistise a igualada, decidirá o voto de calidade do presidente/a.

Artigo 95.

As votacións poden ser ordinarias, nominais e secretas.

Son ordinarias as que se manifiestan por signos convencionais de asentimento, disentimento ou abstención.

Son nominais aquelas votacións que se realizan mediante chamamento por orde alfabético de apelidos e sempre en último lugar o/a presidente/a e na que cada membro da Corporación, ao ser chamado, responde en voz alta "si", "non" ou "abstéñome".

Son secretas as que se realizan por papeleta que cada membro da Corporación, vaia depositando nunha urna ou bolsa.

Artigo 96.

1. O sistema normal de votación será a votación ordinaria.
2. A votación nominal requirirá a solicitude dun grupo municipal ou concelleiro non adscrito aprobada polo Pleno por unha maioría simple en votación ordinaria.
3. A votación secreta só poderá utilizarse para elección ou destitución de persoas, así como no suposto previsto no artigo 70.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril.

Artigo 97.

Proclamado o acordo, os grupos ou concelleiros/as non adscritos que non interviran no debate ou que tras este mudaran o sentido do seu voto, poderán solicitar do presidente/a unha quenda de explicación de voto.

SECCIÓN CUARTA

Do control e fiscalización polo Pleno da actuación dos demais órganos de goberno.

Artigo 98.

O control e fiscalización polo Pleno da actuación dos demais órganos de goberno exercerase a través dos seguintes medios:

- a) Requirimento de presenza e información de membros corporativos que ostenten delegación.
- b) Debate sobre a actuación da Xunta de Goberno Local.
- c) Moción de censura ao alcalde ou alcaldesa.
- d) Mocións, rogos e preguntas nos termos do artigo 46.2.e) da Lei 7/1985, modificada por Lei 11/1999.
- e) Dación de conta de resolucións da Alcaldía e concelleiros/as delegados/as.

Artigo 99.

1. Todo membro da Corporación que por delegación do alcalde ou alcaldesa ostente a responsabilidade dunha área de xestión estará obrigado a comparecer ante o Pleno, cando este así o acorde, ao obxecto de responder ás preguntas que se lle formulen sobre a súa actuación.
2. Acordada polo Pleno a comparecencia mencionada no apartado anterior, o alcalde ou alcaldesa incluírá o asunto na orde do día da próxima sesión ordinaria ou extraordinaria a celebrar pola Corporación, notificando ao interesado o acordo adoptado e a data en que se celebrará a sesión en que deberá comparecer. Entre esta notificación e a celebración da sesión deberán transcorrer, polo menos, tres días.
3. No desenvolvemento das comparecencias seguirase a orde das intervencións establecidas no artigo 82 deste Regulamento, intervindo o/a informante para dar resposta ás preguntas que lle formulen os diversos grupos políticos ou concelleiros/as non adscritos da Corporación. En ningún caso, desta comparecencia poderá derivar a adopción de acordos sen cumprirse os requirimentos establecidos no artigo 72 deste Regulamento.

Artigo 100.

1. O Pleno, a proposta do alcalde ou alcaldesa ou mediante solicitude da cuarta parte, polo menos, do número legal de membros corporativos, poderá acordar a celebración de sesión extraordinaria que teña por obxecto someter a debate a xestión da Xunta de Goberno Local.
2. O desenvolvemento da sesión a que fai referencia o apartado anterior se suxeitará ao establecido con carácter xeral, intervindo en primeiro lugar o/a autor/a da proposta para explicar o significado da mesma. Contestará un membro da Xunta de Goberno Local designado por esta e, despois de sendas quendas de réplica, poderán intervir os demais grupos políticos ou concelleiros/as non adscritos da Corporación para formular preguntas á Xunta de Goberno Local, que serán contestadas por un membro da mesma.
3. Como consecuencia do debate poderá presentarse unha moción con obxecto de que o Pleno manifieste a súa posición sobre a xestión da Xunta de Goberno Local. Se o Pleno admite debater a moción, esta se incluírá na orde do día na seguinte sesión plenaria ordinaria ou extraordinaria.

Artigo 101.

1. O alcalde ou alcaldesa poderá ser destituído/a mediante moción de censura, cunha presentación, tramitación e votación que se rexerá polas seguintes normas:
 - a) A moción de censura deberá ser proposta, polo menos, pola maioría absoluta do número legal de membros da Corporación e deberá incluír un/a candidato/a á Alcaldía, podendo ser candidato calquera concelleiro/a, con aceptación expresa que conste no escrito de proposición da moción.
 - b) O escrito no que se profira a moción de censura deberá incluír as sinaturas debidamente autenticadas por notario/a ou polo/a secretario/a xeral da Corporación e deberá presentarse ante este/a por calquera dos seus asinantes. O/a secretario/a xeral comprobará que a moción de censura reúne os requirimentos esixidos neste artigo e estenderá no mesmo acto a correspondente dilixencia acreditativa.
 - c) O documento así dilixenciado presentarase no Rexisto Xeral da Corporación por calquera dos/as asinantes da moción, ficando o Pleno convocado para as doce horas do décimo día hábil seguinte ao do seu rexisto. O/a secretario/a da Corporación deberá remitir notificación indicativa de tal circunstancia a todos os membros da mesma no prazo máximo dun día, a contar desde a presentación do documento no Rexisto, aos efectos da súa asistencia á sesión, especificando a data e hora da mesma.
 - d) O Pleno será presidido por unha Mesa de Idade, integrada polos/as concelleiros/as de maior e menor idade dos presentes, excluídos o alcalde ou alcaldesa e o/a candidata/a á Alcaldía, actuando como secretario/a o/a que o sexa da Corporación, quen acreditará tal circunstancia.
 - e) A Mesa limitarase a dar lectura á moción de censura, a conceder a palabra durante un tempo breve, se estiveron presentes, ao candidato/a á Alcaldía, ao alcalde ou alcaldesa e aos/as voceiros dos grupos municipais, e a someter a votación a moción de censura.
 - f) O/a candidato/a incluído/a na moción de censura ficará proclamado/a alcalde ou alcaldesa se esta prosperase co voto favorable da maioría absoluta do número de concelleiros/as que legalmente compoñen a Corporación.
2. Ningún/a concelleiro/a pode asinar durante o seu mandato máis dunha moción de censura. Para estes efectos non se tomarán en consideración aquelas mocións que non fosen tramitadas por non reunir os requirimentos previstos na letra b) do apartado 1 deste artigo.
3. A dimisión sobrevida do alcalde ou alcaldesa non suspenderá a tramitación e votación da moción de censura.
4. O alcalde ou alcaldesa, no exercicio das súas competencias, está obrigado a impedir calquera acto que perturbe, obstaculice ou impida o dereito dos membros da Corporación a asistir á sesión plenaria en que se vote a moción de censura e a exercer o seu dereito ao voto no mesmo. En especial, non son de aplicación á moción de censura as causas de abstención e recusación previstas na lexislación de procedemento administrativo.

Artigo 102.

As mocions de censura ao alcalde ou alcaldesa axustaranse aos disposto na lexislación xeral electoral.

Artigo 103.

1. O alcalde ou alcaldesa poderá formular ao Pleno unha cuestión de confianza, vinculada á aprobación ou modificación de calquera dos seguintes asuntos:

- a) Os orzamentos anuais.
- b) O Regulamento orgánico.
- c) As ordenanzas fiscais.
- d) A aprobación que poña fin á tramitación dos instrumentos de planeamento xeral de ámbito municipal.

2. A presentación da cuestión de confianza vinculada ao acordo sobre algún dos asuntos sinalados no número anterior figurará no correspondente punto da orde do día do Pleno, requiríndose para a adopción destes acordos o quórum de votación esixido na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, para cada un deles. A votación efectuarase, en todo caso, mediante o sistema nominal de chamamento público.

3. Para a presentación da cuestión de confianza será requirimento previo que o acordo correspondente fose debatido no Pleno e que este non obtivese a maioría necesaria para a súa aprobación.

4. No caso de que a cuestión de confianza non obtivese o número necesario de votos favorables para a aprobación do acordo, o alcalde ou alcaldesa cesará, ficando en funcións ata a toma de posesión de quen lle suceda no cargo. A elección do novo alcalde ou alcaldesa realizarase en sesión plenaria convocada para as doce horas do décimo día hábil seguinte ao da votación do acordo ao que se vinculase a cuestión de confianza, rexéndose polas regras contidas no artigo 196 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do réxime electoral xeral, coa seguinte especialidade: o alcalde ou alcaldesa cesante ficará excluído da cabeza de lista a efectos da elección, ocupando o seu lugar o segundo da mesma, tanto a efectos da presentación de candidaturas á Alcaldía como de designación automática do alcalde ou alcaldesa, en caso de pertencer á lista mais votada e non obter ningún candidato o voto da maioría absoluta do número legal de concelleiros/as.

5. A previsión contida no número anterior non será aplicable cando a cuestión de confianza se vincule á aprobación ou modificación dos orzamentos anuais. Neste caso entenderase outorgada a confianza e aprobado o proxecto se no prazo dun mes desde que se votase o rexeitamento da cuestión de confianza non se presenta unha moción de censura con candidato alternativo a alcalde ou alcaldesa, ou se esta non prospera. Para estes efectos non rexe a limitación establecida no apartado 2 do artigo 197 da Lei orgánica 5/1985, de 19 de xuño, modificada por Lei orgánica 8/1999, de 21 de abril.

6. O alcalde ou alcaldesa non poderá formular máis dunha cuestión de confianza cada ano, contado desde o inicio do seu mandato, nin máis de dúas durante a duración total do mesmo. Non se poderá formular unha cuestión de confianza no último ano de mandato de cada Corporación.

7. Non se poderá formular unha cuestión de confianza desde a presentación dunha moción de censura ata a votación desta última.

8. Os/as concelleiros/as que votasen a favor da aprobación dun asunto ao que se vinculase unha cuestión de confianza non poderán asinar unha moción de censura contra o alcalde ou alcaldesa que o formulase ata que transcorra un prazo de seis meses, contado a partir da data de votación do mesmo. Así mesmo, durante o indicado prazo, tampouco estes concelleiros/as poderán emitir un voto contrario ao asunto ao que se vinculase a cuestión de confianza, sempre que sexa sometido a votación nos mesmos termos que en tal ocasión. Caso de emitir este voto contrario, este será considerado nulo.

SECCIÓN QUINTA

Das actas

Artigo 104.

1. De cada sesión o/a secretario/a estenderá acta na que haberá de constar:

- a) Lugar de xuntanza, con expresión do nome do municipio e local en que se celebra.
- b) Día, mes e ano.
- c) Hora en que comeza.
- d) Nome e e apelidos do presidente/a, dos membros da Corporación presentes, dos ausentes que se excusasen e dos que falten sen excusa.
- e) Carácter ordinario ou extraordinario da sesión, e se se celebra en primeira ou en segunda convocatoria.
- f) Asistencia de secretario/a ou de quen legalmente o substitúa, e presenza do interventor/a, cando concorra.
- g) Asuntos que examinen, opinións sintetizadas dos grupos ou membros da Corporación que interviñesen nas deliberacións e incidencias destas, así como os rogos e preguntas que efectúen aínda que sobre eles non se adoptará acordo algún.

h) Votacións que se verifiquen e no caso das nominais o sentido en que cada membro emita o seu voto. Nas votacións ordinarias farase constar o número de votos afirmativos, dos negativos e das abstencións. Farase constar nominalmente o sentido do voto cando así o pidan os/as interesados/as.

i) Parte dispositiva dos acordos que se adopten.

j) Hora en que o/a presidente/a levante a sesión.

2. De non celebrarse sesión por falta de asistentes, ou outro motivo, o/a secretario/a suplirá a acta con unha dilixencia autorizada coa súa sinatura, no que consigne a causa e nomes dos/as concorrentes e dos/as que excusaran a súa asistencia.

Artigo 105.

A acta unha vez aprobada polo Pleno transcribírase no Libro de Actas autorizándoa coas sinaturas do alcalde ou alcaldesa e do secretario/a.

CAPÍTULO II

Funcionamento da Xunta de Goberno Local

Artigo 106.

1. A Xunta de Goberno Local celebrará sesión constitutiva, a convocatoria do alcalde ou alcaldesa, dentro dos dez días seguintes a aquel en que este/a designase os membros que a integran.

2. Corresponde ao Pleno a proposta de fixar o día e hora en que deba celebrarse sesión ordinaria.

3. As sesións extraordinarias e as urxentes terán lugar cando, con tal carácter, sexan convocadas polo alcalde ou alcaldesa.

4. O alcalde ou alcaldesa poderá en calquera momento reunir á Xunta de Goberno Local cando estime necesario coñecer o seu parecer ou pedir a súa asistencia con anterioridade a dictar resolucións en exercicio das atribucións que lle correspondan.

Artigo 107.

1. As sesións da Xunta de Goberno Local axustaranse ao establecido na lexislación vixente e no capítulo primeiro deste título, coas modificacións seguintes:

a) Entre a convocatoria e a celebración da sesión non poderán transcorrer menos de vinte e catro horas, salvo no caso das sesións extraordinarias e urxentes, nas que, antes de entrar a coñecer os asuntos incluídos na orde do día, deberá ser declarada a urxencia por acordo favorable da maioría dos membros.

b) As sesións da Xunta de Goberno Local non serán públicas, sen prexuízo da publicidade e comunicación ás Administracións Estatal e da Comunidade Autónoma dos acordos adoptados. Ademais, no prazo de dez días deberá enviarse a todos os membros da Corporación copia da acta.

c) Para a válida constitución da Xunta de Goberno Local requirese a asistencia da maioría absoluta dos seus compoñentes. Se non existise quórum, se constituirá en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sendo suficiente a asistencia da terceira parte dos seus membros e, en todo caso, un número non inferior a tres. Este quorum deberá manterse durante toda a sesión.

d) O alcalde ou alcaldesa dirixe e ordena ao seu prudente arbitrio debatelos no seo da Xunta.

e) Nos casos en que a Xunta de Goberno Local exerza competencias delegadas polo Pleno, será preceptivo o previo informe da Comisión Informativa correspondente.

f) As actas das sesións da Xunta de Goberno Local transcribíranse en libro distinto do das sesións do Pleno.

2. A Xunta de Goberno Local nas súas xuntanzas deliberantes non poderá adoptar ningún acordo, formalizándose o resultado das deliberacións, no seu caso, en forma de dictames, nos termos do artigo 85.1 deste Regulamento.

3. Tanto nas sesións como nas xuntanzas da Xunta de Goberno Local o alcalde ou alcaldesa poderá requirir a presenza de membros da Corporación non pertencentes á Xunta de Goberno Local ou de persoal ao servizo do Concello de Culleredo, ao obxecto de informar no relativo ao ámbito das súas actividades.

4. Cando a Xunta de Goberno Local exerza competencias delegadas polo Pleno ou que lle fosen asignadas polas leis, adoptará os seus acordos mediante votación formal, segundo as normas establecidas no presente Regulamento.

CAPÍTULO III

Réxime Xeral das delegacións entre os órganos necesarios

Artigo 108.

1. A delegación de atribucións requirirá, para ser eficaz, a súa aceptación por parte do delegado/a. A delegación entenderase aceptada se no termo de tres días hábiles contados desde a notificación do acordo o membro ou órgano destinatario da delegación non fai manifestación expresa ante o órgano delegante de que non acepta a delegación.
2. A revogación ou modificación das delegacións deberase adoptar coas mesmas formalidades que as esixidas para o seu outorgamento.

Artigo 109.

Se non se dispón outra cousa, o órgano delegante conservará as seguintes facultades en relación coa competencia delegada:

- a) A de recibir información detallada da xestión da competencia delegada e dos actos ou disposicións emanados en virtude da delegación.
- b) A de ser informado previamente á adopción de decisións de transcendencia.
- c) Os actos dictados por órgano delegado no exercicio das atribucións delegadas, enténdense dictados polo órgano delegante.

Artigo 110.

O órgano delegante poderá avocar en calquera momento a competencia delegada con amaño á lexislación vixente sobre procedemento administrativo común.

No caso de revogar a delegación, o órgano que ostente a competencia orixinaria, poderá revisar as resolucións tomadas polo órgano ou autoridade delegada nos mesmos casos e condicións establecidas para a revisión de oficio dos actos administrativos.

Artigo 111.

Ningún órgano poderá delegar nun terceiro as atribucións ou potestades recibidas por delegación de outro órgano.

Artigo 112.

A delegación de atribucións entenderase que é por termo indefinido, salvo que a resolución ou acordo da delegación dispoña outra cousa, ou a temporalidade da mesma se derive da propia natureza da delegación.

TÍTULO CUARTO

Da organización complementaria neste Concello de Culleredo

CAPÍTULO I

Órganos complementarios, atribución e composicións

Artigo 113.¹⁶

Son órganos complementarios neste Concello de Culleredo:

- a) Os/as concelleiros/as delegados/as.
- b) As Comisións Informativas.
- c) A Comisión Especial de Contas.
- d) Os Consellos Sectoriais
- e) Os órganos desconcentrados e descentralizados para a xestión de servizos.
- f) A Xunta de Coordinación

SECCIÓN PRIMEIRA

Dos/as concelleiros/as delegados/as

Artigo 114.

1. Os/as concelleiros/as delegados/as son aqueles/as concelleiros/as que ostentan algunhas delegacións de atribucións do alcalde ou alcaldesa, previstas neste Regulamento.

2. Pérdese a condición de concelleiro/a delegado/a:

- a) Por renuncia expresa, que deberá ser formalizada por escrito ante a Alcaldía.
- b) Por revocación da delegación, adoptada polo alcalde ou alcaldesa coas mesmas formalidades previstas para outorgar .
- c) Por perda da condición de membro da Xunta de Goberno Local.

¹⁶ Artigo modificado mediante acordo do Pleno do Concello do 27/06/2013 (BOP núm. 189 do 03/10/2013)

Artigo 115.

1. Os/as concelleiros/as delegados/as terán as atribucións que se especifiquen no respectivo Decreto de delegación, e as exercerán de acordo co que nel se prevexa.
2. Se a resolución ou acordo de delegación se refire a unha materia ou sector de actividade sen especificación de potestades, entenderase que comprende todas aquelas facultades, dereitos e deberes referidos á materia delegada que corresponden ao órgano que ten asignadas orixinariamente as atribucións coa única excepción das que segundo a Lei 7/1985, de 2 de abril, non sexan delegables.

SECCIÓN SEGUNDA

Das Comisións Informativas

Artigo 116.

1. As Comisións Informativas, integradas por membros da Corporación, son órganos sen atribucións resolutorias que teñen por función o estudo, informe ou consulta e preparación dos asuntos que deban ser sometidos á decisión do Pleno e da Xunta de goberno Local cando ésta actúa con competencias delegadas polo Pleno, salvo cando haxan de adoptarse acordos declarados urxentes. Todos os Grupos Políticos e concelleiros/as non adscritos integrantes da Corporación terán dereito a participar nestes órganos, mediante a presenza de concelleiros/as pertencentes aos mesmos.
2. Igualmente informarán aqueles asuntos da competencia propia da Xunta de Goberno Local e do alcalde ou alcaldesa que lles sexan sometidos ao seu coñecemento por expresa decisión de aqueles.

Artigo 117.

1. As Comisións Informativas poden ser permanentes e especiais.
 2. Son Comisións Informativas permanentes as que se constitúen con carácter xeral, distribuindo entre elas as materias que deban someterse ao Pleno. O seu número e denominación iniciais, así como calquera variación das mesmas durante o mandato corporativo, se decidirá mediante acordo adoptado polo Pleno a proposta do alcalde ou alcaldesa, procurando, na medida do posible, a súa correspondencia co número e denominación das grandes áreas en que se estructuren os servizos corporativos.
 3. Son Comisións Informativas especiais ás que o Pleno acorde constituír para un asunto concreto, en consideración ás súas características especiais de calquera tipo.
- Estas Comisións extingúense unha vez que dictaminaran ou informaran sobre o asunto que constitúe o seu obxecto, salvo que o acordo plenario que as creou dispuxese outra cousa.

Artigo 118.¹⁷

O alcalde ou alcaldesa-presidente/a do Concello de Culleredo é o presidente/a nato de todas as Comisións Informativas que funcionen neste Concello, sen prexuízo de que poida delegar a presidencia efectiva en calquera membro da Corporación. Será secretario/a das Comisións Informativas o/a Secretario/a xeral do Concello ou o/a funcionario/a do Concello designado pola Alcaldía a proposta do/a Secretario/a xeral de conformidade co disposto no artigo 13.2 do Real decreto 1174/1987, de 18 de setembro."

Artigo 119.

Cada Comisión estará integrada de forma que a súa composición se acomode á proporcionalidade existente entre os distintos grupos políticos municipais e concelleiros/as non adscritos representados na Corporación.

Artigo 120.

A adscrición concreta a cada Comisión dos membros da Corporación que deban formar parte da mesma en representación de cada grupo e concelleiros/as non adscritos realizarase mediante escrito do concelleiro/a ou voceiro/a do grupo dirixido ao alcalde ou alcaldesa podendo designarse, de igual forma, neste último caso, un/unha suplente por cada titular. Das designacións darase conta ao Pleno.

Artigo 121.

1. Os dictames das Comisións Informativas non son vinculantes aínda que si preceptivos como previos ás decisións que adopte o Concello Pleno ou pola súa delegación á Xunta de Goberno Local.
2. En supostos de urxencia e nas sesións ordinarias, o Pleno ou a Xunta de Goberno Local poderán adoptar acordos sobre asuntos non dictaminados pola correspondente Comisión Informativa, pero, nestes casos, do acordo adoptado deberá darse conta á Comisión Informativa na primeira sesión que se celebre. A proposta de calquera dos membros da Comisión Informativa, o asunto deberá ser incluído na orde do día do seguinte Pleno con obxecto de que este delibere sobre a urxencia acordada, no exercicio das súas atribucións de control

¹⁷ Artigo modificado mediante acordo do Pleno do Concello do 25/01/2011 (BOP núm. 76 do 20/04/2011)

e fiscalización.

SECCIÓN TERCEIRA

A Comisión Especial de Contas

Artigo 122.

1. A Comisión Especial de Contas é de existencia preceptiva, segundo dispón o artigo 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, e a súa constitución, composición e integración e funcionamento axústase ao establecido para as demais Comisións Informativas.
2. Corresponde á Comisión Especial de Contas o exame, estudo e informe de todas as contas, orzamentarias e extraorzamentarias, que deba aprobar o Pleno da Corporación, de acordo co establecido na lexislación reguladora da contabilidade das entidades locais.
3. Ben a través do Regulamento Orgánico ou mediante acordo adoptado polo Pleno da Corporación, a Comisión Especial de Contas poderá actuar como Comisión informativa permanente para os asuntos relativos a economía e facenda da entidade.

SECCIÓN CARTA

Dos Consellos Sectoriais

Artigo 123.

O Pleno da Corporación poderá acordar o establecemento de Consellos Sectoriais, que teñan por finalidade a de canalizar a participación da cidadanía e as súas asociacións nos asuntos municipais.

Os Consellos Sectoriais desenvolverán funcións de informe e, no seu caso, proposta, en relación coas iniciativas municipais relativas ao sector de actividade ao que corresponda cada Consello.

Artigo 124.

A composición, organización e ámbito de actuación dos Consellos Sectoriais serán establecidos no correspondente acordo plenario.

En todo caso, cada Consello estará presidido por un membro da Corporación, nomeado e separado libremente polo alcalde ou alcaldesa que actuará como enlace entre aquela e o Consello.

SECCIÓN QUINTA

Dos órganos desconcentrados e descentralizados para a xestión dos servizos

Artigo 125.

1. O Pleno poderá establecer órganos desconcentrados, distintos dos enumerados nas seccións anteriores.
2. Así mesmo, o Pleno poderá acordar o establecemento de entes descentralizados con personalidade xurídica propia, cando así o aconselle a necesidade dunha maior eficacia na xestión, a complexidade da mesma, a axilización dos procedementos, a expectativa de aumentar ou mellorar o financiamento ou a conveniencia de obter un maior grao de participación cidadá na actividade de prestación dos servizos.

Artigo 126.

O establecemento dos órganos e entes a que se refire o artigo anterior réxese, no seu caso, pola disposto na lexislación de Réxime Local relativa ás formas de xestión de servizos, e, en todo caso, inspirarase no principio de economía organizativa, de maneira que o seu número sexa o menor posible en atención á correcta prestación dos mesmos.

SECCIÓN SEXTA¹⁸

Da Xunta de Coordinación

Artigo 126 bis.¹⁹

1. A Xunta de Coordinación está integrada polo Alcalde/sa, que actuará como presidente e os concelleiros/as responsables das áreas e concelleiros/as delegados dos servizos, que actuarán como vogais.

¹⁸ Sección engadida mediante acordo do Pleno do Concello do 27/06/2013 (BOP núm. 189 do 03/10/2013)

¹⁹ Artigo modificado mediante acordo do Pleno do Concello do 27/06/2013 (BOP núm. 189 do 03/10/2013)

2. Será secretario/a da Xunta de Coordinación o/a da Corporación, ou o funcionario/a en quen delegue.
3. A Xunta de Coordinación depende xerarquicamente da Alcaldía e a súa competencia será a de coordinar os traballos dos concelleiros/as responsables das áreas e dos servizos.
4. Ao inicio de cada mandato corporativo, o alcalde/sa determinará o día da semana e a hora na que se celebrará. A alcaldía poderá adiantar ou demorar as sesións, así como suspendelas, por causa xustificada e mediante Decreto no que se faga constar a mesma. As sesións extraordinarias e as urxentes terán lugar cando, con tal carácter, sexan convocadas polo alcalde/sa. O alcalde/sa poderá, en calquera momento, reunir á Xunta de Coordinación, cando estime necesario coñecer o seu parecer ou pedir a súa asistencia con anterioridade a ditar resolucións no exercicio das atribucións que lle correspondan.

CAPÍTULO II

Funcionamento dos órganos complementarios

Artigo 127.

1. As Comisións Informativas celebrarán sesións ordinarias coa periodicidade que acorde o Pleno no momento de constituílas, nos días e horas que estableza o alcalde ou alcaldesa, ou o seu respectivo presidente/a, quen poderán, así mesmo, convocar sesións extraordinarias ou urxentes das mesmas. O alcalde ou alcaldesa ou presidente/a da Corporación, ou o presidente/a da Comisión, estará obrigado a convocar sesión extraordinaria cando o solicite a cuarta parte, polo menos, dos membros da Comisión.
2. As sesións poden celebrarse na sede do Concello de Culleredo, ou en outras dependencias do mesmo.
3. As convocatorias corresponden ao alcalde ou alcaldesa ou presidente/a da Corporación, ou ao presidente da Comisión e deberán ser notificadas aos membros da Comisión ou, no seu caso, aos grupos municipais con unha antelación de dous días hábiles, salvo as urxentes. En todo caso, acompañarase da orde do día.
4. Na orde do día das Comisións Informativas incluírase un punto de rogos e preguntas, cun contido esencial de enunciado e resposta que se recollerá na acta da comisión a semellanza dos outros puntos da orde do día.

Artigo 128.

1. A válida celebración das sesións require en primeira convocatoria, a presenza da maioría absoluta dos compoñentes da Comisión xa sexan titulares ou suplentes en primeira convocatoria e un mínimo de tres membros en segunda convocatoria, unha hora máis tarde da hora sinalada.
2. O/a presidente/a dirixe e ordena, ao seu prudente arbitrio, respectando os principios xerais que rexen os debates plenarios, os debates da Comisión.
3. Os dictames aprobaranse sempre por maioría simple dos presentes, decidindo as igualadas o/a presidente/a con voto de calidade.

Artigo 129.

1. Ningunha Comisión poderá deliberar sobre asuntos da competencia de outra, a menos que se trate de problemas comúns, caso no que poderá convocarse polo/a presidente/a da Corporación, a proposta dos das respectivas Comisións, unha sesión conxunta.
2. O dictame da Comisión poderá limitarse a mostrar a súa conformidade coa proposta que lle sexa sometida polos servizos administrativos competentes ou ben formular unha alternativa.
3. Os membros da Comisión que disintan do dictame aprobado por esta, poderán pedir que conste o seu voto en contra ou formular voto particular para a súa defensa ante o Pleno.

Artigo 130.

1. O/a presidente/a de cada Comisión poderá requirir a presenza, nas súas sesións, de persoal ou membros da Corporación a efectos informativos. Ás sesións da Comisión de Facenda asistirá, en todo caso, o/a funcionario/a responsable da Intervención.
2. De cada unha das sesións das Comisións Informativas levantarase acta na que se recollerán o esencial dos debates e aquelas intervencións en que así se solicite pola persoa que intervén, os dictames aprobados e os votos particulares que fosen formulados a aqueles, así como das preguntas e respostas das consultas efectuadas no apartado de rogos e preguntas.

Artigo 131.

En todo o non previsto neste capítulo serán de aplicación as disposicións sobre funcionamento do Pleno.

TÍTULO QUINTO

Estatuto do veciño

CAPÍTULO I

Dereitos e deberes dos/as veciños/as

Artigo 132.

Son dereitos e deberes dos/as veciños/as, os recoñecidos na Lei 7/1985, de 2 de abril, e os establecidos nas Leis.

CAPÍTULO II

Información e participación cidadá

Artigo 133.

1. As sesións do Pleno son públicas, salvo nos casos previstos no artigo 70.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril.
2. No son públicas as sesións da Xunta de Goberno Local nin de as Comisións Informativas. No obstante, ás sesións destas últimas poderán convocarse, para os únicos efectos de escoitar o seu parecer ou recibir o seu informe respecto a un tema concreto, a representantes das asociacións ou entidades a que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril.

Artigo 134.

1. Cando algunha das Asociacións ou Entidades a que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, debidamente inscritas no Rexisto Municipal de Asociacións, desexe efectuar unha exposición ante o Pleno en relación con algún punto da orde do día na materia da cal se poida discrecionalmente estimar que teña interese específico en razón a unha concreta relación do obxecto social estatutario co ámbito do asunto da orde do día, deberá solicitalo por escrito, ao alcalde ou alcaldesa, polo menos 8 horas antes de comezar a sesión. Coa autorización deste, previa notificación á Xunta de voceiros, e a través dun único representante, poderá expor o seu parecer durante o tempo que sinala o/a alcalde ou alcaldesa, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.
2. Acabada a sesión do Pleno, o alcalde ou alcaldesa pode establecer unha quenda de rogos e preguntas co público asistente sobre temas concretos de interese municipal. Corresponde ao alcalde ou alcaldesa ordenar e pechar esta quenda.

Para o desenvolvemento da quenda de referencia terase en conta as seguintes normas:

- a) A petición de participar na quenda en cuestión deberá formularse por escrito coa antelación necesaria para que o alcalde ou alcaldesa poida dar conta dela, aos/as voceiros, e neste escrito farase constar en forma breve pero motivada o asunto a tratar que, en todo caso, deberá referirse sempre a tema incurso na competencia municipal, é dicir, que o Concello poida pronunciarse sobre eles. Tampouco non poderá versar sobre temas que estean pendente de resolución, ou que fosen previamente contestados. En caso de discrepancia dos solicitantes sobre a cualificación do tema en relación coa competencia municipal ou a situación pendente de resolución do mesmo, o alcalde ou alcaldesa, consultado a Xunta de voceiros, cualificará a procedencia, ou non, da consideración do asunto.
- b) No escrito cítase a persoa que deba intervir en nome do colectivo.
- c) O escrito de referencia presentárase no Rexistro Xeral do Concello.

Artigo 135.

1. As convocatorias e ordes do día das sesións do Pleno transmitíranse aos medios de comunicación social da localidade e faranse públicas no taboleiros de anuncios deste Concello.
2. Sen prexuízo disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, a Corporación dará publicidade resumida do contido das sesións plenarias e de todos os acordos do Pleno e da Xunta de Goberno Local, así como das resolucións do alcalde ou alcaldesa e as que pola súa delegación dicten os delegados/as.
3. Para tal efecto, ademais da exposición no taboleiro de anuncios deste Concello, poderán utilizar os seguintes medios:
 - a) Edición, cunha periodicidade mínima trimestral, dun Boletín informativo do Concello de Culleredo.
 - b) Publicación nos medios de comunicación social do ámbito deste Concello.

Artigo 136.

1. Existirá na organización administrativa do Concello unha Secretaría de Información que canalizará toda a actividade relacionada coa publicidade a que se refire o artigo anterior, así como o resto da información que a mesma proporcione, en virtude disposto no artigo 69.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril.
2. A obtención de copias e certificacións acreditativas de acordos municipais ou antecedentes dos mesmos, solicitaranse á citada Secretaría que, de oficio, realizará as xestións que sexan precisas para que o/a solicitante obteña a información requirida no prazo mais

breve posible e sen que iso supoña entorpecemento das tarefas dos servizos municipais.

3. As peticións de información deberán ser razoadas, salvo que se referan á obtención de certificacións de acordos ou resolucións que, en todo caso, poderán ser obtidas mediante o pagamento da taxa correspondente.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

Primeira.

A estrutura e organización dos servizos administrativos deste Concello corresponden con carácter xeral á Alcaldía co informe previo dos/as responsables de Organización e dependencias municipais afectadas.

A estrutura administrativa desenvolverase a través de áreas funcionais de xestión. Estas definirán o Organigrama Municipal que ficará determinado na Relación de Postos de Traballo do Concello de Culleredo e das Fundacións e Padroados dependentes do mesmo.

Non obstante, o Pleno ostenta as atribucións que lle outorgan os artigos 22 e 47 da Lei 7/1985, de 2 de abril, en orde á creación de órganos desconcentrados, aprobación das formas de xestión dos servizos e aprobación das ordenanzas reguladoras de cada un deles, así como os relativos aos plantillas de persoal e á relación de postos de traballo do Concello de Culleredo.

Segunda.

O presente Regulamento poderá ser obxecto de modificación ou revisión en calquera momento, sempre que así sexa acordado en sesión plenaria por maioría absoluta dos membros que integren a Corporación.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA

Queda derogado o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico do Concello de Culleredo aprobado definitivamente polo Pleno de data 28 de novembro de 1995, así como calquera outra norma de igual ou inferior rango que se opoña ou contradiga o disposto no presente Regulamento.